

**Memoria anual  
de actividades**

**2025**



**REAL ACADEMIA GALEGA**

## Real Academia Galega

Rúa Tabernas, 11  
Apartado 557  
15001 A CORUÑA  
Tlf. 981 20 73 08  
[www.academia.gal](http://www.academia.gal)  
[secretaria@academia.gal](mailto:secretaria@academia.gal)

Edita:

Real Academia Galega

Fotografías:

Real Academia Galega

<https://doi.org/10.32766/rag.460>

**Memoria anual  
de actividades**

**2025**



**REAL ACADEMIA GALEGA**

# Índice

<b>A Academia na actualidade</b>	6	<b>Letras Galegas 2025</b>	17
Comisión Executiva	6	Día das Letras Galegas 2025	18
Plenario	7	Plenario extraordinario	20
Membros de honra	7	Primavera das Letras	22
Membros correspondentes	8	Na lingua que eu falo	24
Nomeamentos	9	Se canto é porque quero	26
Necrolóxicas	10	Simposio As cantareiras e a poesía popular oral	27
Xuntas académicas	11	Novas das Letras Galegas	29
Cambio de presidencia	12		
Convenios	13		
Representacións	14		

<b>Seccións</b>	33	<b>Servizos</b>	83
<b>Sección de Lingua</b>	34	Arquivo	84
Galego sen Fronteiras. Cursos de lingua e cultura galegas	35	Biblioteca e hemeroteca	87
Seminario de Gramática	39	Colección de arte e obxectos históricos	90
Seminario de Lexicografía	41	Casa-Museo Emilia Pardo Bazán	92
Seminario de Onomástica	47	Publicacións	93
Seminario de Sociolingüística	57	Tribunas	96
Seminario de Terminoloxía	66	<b>Medios</b>	97
<b>Sección de Historia</b>	68	A Academia nos medios	98
<b>Sección de Literatura</b>	75	8º Concurso de microrrelatos	107

# A Academia na actualidade

## **Comisión Executiva**

A Comisión Executiva da Real Academia Galega actúa por delegación do Pleno e encárgase de exercer o goberno da institución. Dende o 24 de abril de 2021 ata o 4 de abril de 2025 a súa composición foi a seguinte:

**Víctor F. Freixanes**, presidente

**Margarita Ledo Andión**, secretaria

**Fina Casalderrey**, tesoureira

**Marilar Aleixandre**, arquivista - bibliotecaria

**Henrique Monteagudo**, vicesecretario

A partir desa data, esta é a súa formación:

**Henrique Monteagudo**, presidente

**Ana Isabel Boullón Agrelo**, secretaria

**María López-Sández**, tesoureira

**María Dolores Sánchez Palomino**, arquivista - bibliotecaria

**Lourenzo Fernández Prieto**, vicesecretario

## Plenario

Está constituído por trinta membros de número e é o encargado de tomar as decisións últimas que afectan á Real Academia Galega.

Andrés Torres Queiruga  
Manuel González González  
Xesús Alonso Montero (*faleceu o 12 de febreiro de 2026*)  
Xesús Ferro Ruibal  
Antón Santamarina Fernández  
Ramón Lorenzo Vázquez  
Francisco Fernández Rei  
Francisco Díaz-Fierros Viqueira  
Rosario Álvarez Blanco  
Víctor F. Freixanes  
Xosé Luís Axeitos Agrelo  
Euloxio Rodríguez Ruibal  
Ramón Villares Paz  
Margarita Ledo Andión  
Manuel Rivas Barrós  
Bernardino Graña Villar (*faleceu o 18 de xaneiro de 2025*)

Henrique Monteagudo  
Xosé Luís Regueira Fernández  
Pegerto Saavedra Fernández  
Fina Casalderrey Fraga  
Marilar Aleixandre  
Chus Pato  
Ana Romaní  
Ana I. Boullón Agrelo  
Gonzalo Navaza  
M.<sup>a</sup> Dolores Sánchez Palomino  
María López-Sández  
Lourenzo Fernández Prieto  
Anxo Angueira Vitorro  
Ernesto González Seoane (*eleito o 10 de outubro de 2025*)

## Membros de honra

John Rutheford  
Carlos Alberto Zubillaga Barrera  
Marina Mayoral  
María Rosa Lojo  
Kathleen N. March  
Takekazu Asaka

## Membros correspondentes


José Luis Varela Iglesias (*faleceu en xaneiro de 2026*)  
Xosé Manuel González Reboredo  
Xoán Carlos Rivas Fernández-Xesta (*faleceu o 25 de xuño de 2025*)  
Francisco Xavier Carro Rosende  
Fernando López-Acuña López  
Ivo Castro  
Dieter Kremer  
Teresa Barro Muñoz-Ortiz  
Xosé María Lema Suárez  
Xulio Ríos  
Luís Daviña Facal  
Johannes Kabatek  
Xoán Babarro González  
Xoán Bernárdez Vilar (*faleceu o 25 de marzo de 2025*)  
Francisco Calo Lourido  
Augusto Pérez Alberti  
Xosé Xove Ferreiro  
Modesto Aníbal Rodríguez Neira  
Francisco Antonio Cidrás Escáneo  
Ernesto Xosé González Seoane  
Felipe Lubián Lubián  
Héctor Manuel Silveiro Fernández  
Carlos Xesús Varela Aenlle  
Manuel Caamaño Suárez  
Jorge Arbeleche  
Craig Patterson  
Luís Manuel García Mañá  
Farruco Sesto Novas  
Débora Campos Vázquez  
Xosé Henrique Costas González  
Antón Palacio Sánchez

Francisco Cerviño González  
Alba Nogueira López  
Xavier Vence Deza  
Olivia Rodríguez González  
Fernando Ramallo Fernández  
José Manuel González Herrán  
Luz Méndez Fernández  
Goretti Sanmartín Rei  
Xosé Antón Fraga Vázquez  
Clodio González Pérez  
Jorge Mira Pérez  
Carlos Xavier Rodríguez Brandeiro  
Marcos Bagno  
Helena González Fernández  
Olga Castro  
Kirsty Hooper  
Helena Villar Janeiro  
Helena Zernova  
Carmen Pazos Balado  
Afonso Vázquez-Monxardín Fernández  
Mercedes Queixas Zas  
Xavier Senín Fernández  
Ramón Nicolás Rodríguez  
Celia Pereira Porto  
Ana Romero Masiá  
Luciano Rodríguez Gómez  
Bieito Silva Valdivia  
Montse Pena Presas  
Diego Rodríguez González  
Xosé María Gómez Clemente  
Felipe Arias

## Nomeamentos

### Ernesto González Seoane

Académico de número


10 de outubro de 2025 

Catedrático de Filloxía Galega e Portuguesa da Universidade de Santiago de Compostela e membro correspondente da RAG dende o ano 2004, forma parte do seu Seminario de Gramática.



### Xosé M.ª Gómez Clemente

Académico correspondente

10 de outubro de 2025 

Membro do grupo de Tecnoloxías Aplicadas á Lingua Galega da Universidade de Vigo, a súa investigación céntrase no campo da neoloxía, a lexicografía e a terminoloxía, así como na aplicación das ferramentas informáticas ao estudo do galego. Dende 2024 é membro dos Seminarios de Lexicografía e Terminoloxía da RAG.



### Felipe Arias

Académico correspondente

12 de decembro de 2025 

Historiador, arqueólogo e museólogo, director-conservador do Museo Provincial de Lugo (1974-1984) e do Museo do Castro de Viladonga desde a súa creación en 1983 ata 2014, é profesor investigador *ad honorem* da Universidade de Santiago de Compostela.



## Necrolóxicas

### Bernardino Graña

18 de xaneiro de 2025 ⓘ

Nado en Cangas no ano 1932, foi un dos membros fundadores do grupo Brais Pinto e a súa voz converteuse nunha das máis recoñecidas polo público e a crítica das letras galegas contemporáneas. Na Academia ingresou como membro de número en 2010, co discurso *Contos populares e Rosalía*.



### Xoán Bernárdez Vilar

25 de marzo de 2025 ⓘ

Membro correspondente da Academia dende 2003, escritor e historiador, colaborou no programa de radio *Raíz e Tempo* (1965-1975), o primeiro en galego emitido dende Galicia tras a guerra civil, e desenvolveu unha vizosa carreira como autor de novelas e ensaios sobre diversos temas históricos.



### Juan Carlos Rivas Fernández-Xesta

25 de marzo de 2025 ⓘ

Arqueólogo, historiador e membro correspondente da Academia dende 1977, foi director do Museo Municipal de Ourense desde a súa inauguración en 1987 deica a súa xubilación no ano 2003.



## **Xuntas académicas**

O Pleno da Real Academia Galega reuniuse en xunta ordinaria e extraordinaria nas seguintes datas:

### **Xuntas ordinarias**

O pleno da institución reuniuse de xeito ordinario o **14 de marzo**, o **20 de xuño**, o **10 de outubro** e o **12 de decembro** de 2025.

### **Xuntas extraordinarias**

**4 de abril de 2025.** Plenario extraordinario da Real Academia Galega de elección de presidencia.

**17 de maio de 2025.** Sesión plenaria extraordinaria e pública da Real Academia Galega co gallo do Día das Letras Galegas dedicado ás cantareiras e á poesía popular oral, que se desenvolveu en Malpica de Bergantiños.

## **Comisión executiva**

A Comisión Executiva da Real Academia Galega reuniuse nas seguintes datas:

31 de xaneiro de 2025

3 de marzo de 2025

10 de abril de 2025

9 de maio de 2025

17 de xuño de 2025

28 de xullo de 2025

30 de setembro de 2025


28 de outubro de 2025

24 de novembro de 2025

22 de decembro de 2025

## Cambio de presidencia

### Conclusión da presidencia de Víctor F. Freixanes

14 de marzo de 2025 

O académico formalizou a conclusión do seu segundo mandato ante os membros do Plenario na xuntanza ordinaria celebrada no pazo de María Pita. De acordo coa normativa da institución, ocupou interinamente a presidencia a secretaria, Margarita Ledo Andión, a quen lle corresponde poñer en marcha o proceso electoral.



### Elección da nova presidencia da RAG

4 de abril de 2025 

O pleno da Real Academia Galega, reunido en sesión extraordinaria no pazo de María Pita, apoiou a candidatura de Henrique Monteagudo á presidencia. Na comisión executiva acompañano Ana Boullón Agrelo como secretaria; María López-Sánchez na tesourería; María Dolores Sánchez Palomino como arquivista-bibliotecaria e Lourenzo Fernández Prieto como vicesecretario.



## Convenios

Subvención nominativa da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia (a través da Secretaría Xeral da Lingua) para accións culturais, de investigación lingüística e para investimentos.

Contrato do servizo de traballos de recolleita, normalización e elaboración de contidos e actividades divulgativas sobre a toponimia galega coa Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia (a través da Secretaría Xeral da Lingua).

Contrato do servizo para a organización do Simposio dedicado ás Letras Galegas coa Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia (a través da Dirección Xeral de Cultura).

Subvención nominativa do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades (a través da Subsecretaría de Ciencia, Innovación e Universidades) para financiar gastos de funcionamento.

Subvención nominativa da Deputación da Coruña para financiar actividades culturais.

Subvención nominativa da Deputación de Lugo para financiar gastos de funcionamento.

Subvención nominativa da Deputación Provincial de Ourense para financiar gastos de funcionamento.

Subvención nominativa da Deputación de Pontevedra para financiar actividades culturais.

Contrato de cesión temporal de obras de arte á Deputación de Pontevedra, por parte da Real Academia Galega, para a súa exhibición no Museo de Pontevedra.

Subvención nominativa do Concello da Coruña para financiar actividades culturais.

Convenio de colaboración coa Fundación Barrié para a edición electrónica do Dicionario da RAG e o Portal das Palabras.

Convenio de colaboración coa Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Fundación Cidade da Cultura para a cesión, a título gratuíto, do espazo necesario no edificio da Biblioteca e Arquivo de Galicia para situar os seminarios de Lexicografía, Sociolingüística e Onomástica.

## Representacións

A Real Academia Galega ten representación institucional nas seguintes entidades:

Asociación PuntoGal

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

Consello Asesor de Publicacións. Deputación de Ourense

Consello da Cultura Galega

Consello da Memoria Democrática. Concello da Coruña

Consello Municipal da Cultura. Concello da Coruña

Consello Social da Lingua Galega. Concello de Vigo

Fundación Cidade da Cultura

Fundación Penzol

Instituto da Lingua Galega

Observatorio da Lusofonía Valentín Paz Andrade

Padroado da Biblioteca do Real Consulado

Padroado da Biblioteca Nacional

Padroado da Fundación Carlos Casares

Padroado da Fundación Castelao

Padroado da Fundación Curros Enríquez

Padroado da Fundación Gonzalo López Abente

Padroado da Fundación Germán Sánchez Ruipérez

Padroado da Fundación Luis Seoane

Padroado da Fundación Manuel María de Estudos Galegos

Padroado da Fundación Rosalía de Castro

Padroado do Museo do Pobo Galego

Padroado da Fundación Camilo José Cela

Padroado da Fundación Otero Pedrayo

Padroado da Fundación Uxío Novoneyra

Padroado da Fundación Eduardo Pondal

A Real Academia Galega é membro do xurado dos seguintes premios:

Premio Antón Losada Diéguez

Premios da Cultura Galega

Premio Mondoñedo 10

Premios Nacionais de Literatura do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte

Premio de Narrativa Breve Repsol

Premio de Tradución Plácido Castro

Premio Otero Pedrayo

Premio Trasalba da Fundación Otero Pedrayo

## Institucións colaboradoras coa Real Academia Galega:

Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega

Asociación PuntoGal

Asociación Socio-Pedagóxica Galega

Centro Galego de Artes da Imaxe (CGAI)

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

Concello da Coruña

Consello da Cultura Galega

Deputación da Coruña

Deputación de Lugo

Deputación de Ourense

Deputación de Pontevedra

Fundación Barrié

Fundación Luis Seoane

Fundación Otero Pedrayo

Fundación Penzol

Fundación Rosalía de Castro

Grupo Radio Televisión de Galicia

Instituto da Lingua Galega

Museo de Pontevedra

Museo do Pobo Galego

Parlamento de Galicia

PEN Clube de Galicia

Universidade da Coruña

Universidade de Santiago de Compostela

Universidade de Vigo

Xunta de Galicia

## Persoal adscrito á administración da Real Academia Galega

Secretaría:

M.ª Dolores Sánchez Vales

Contabilidade:

Lurdes Revaldería López

Comunicación:

Iolanda Fernández Casal

Alberto Lema Suárez

Revisión lingüística:

Adrián Estévez Iglesias

Informática:

Juan Montenegro Rey

Conserxaría:

Rolando Sánchez Couceiro

Xosé R. Calón López





# Letras Galegas 2025

# Día das Letras Galegas 2025



O pleno da Real Academia Galega, reunido o 5 de xullo de 2024, acordou dedicar o Día das Letras Galegas 2025 ás **cantareiras e a poesía popular oral**; unha candidatura múltiple representativa das moitas persoas, sobre todo mulleres, que por toda Galicia coidaron, arrequeñaron e transmitiron unha tradición centenaria que segue a deixar pegada nas novas xeracións. Esta dedicatoria personificouse en **Adolfina e Rosa Casás Rama**, de Cerceda, **Eva Castiñeira Santos**, de Muxía, e **Manuela Lema, Teresa García Prieto e Prudencia e Asunción Garrido Ameixenda**, integrantes estas catro das **Pandeireteiras de Mens** (Malpica).



A lingua galega continuou viva e vizosa durante séculos, malia as prohibicións e a súa desaparición do espazo oficial, porque o pobo galego a custodiou. En particular as mulleres preservaron a lingua e crearon anonimamente unha poesía popular transmitida nas cantigas. Cantareiras e pandeireteiras xorden no contexto das rogas, os traballos de axuda mutua entre a veciñanza, na que a conclusión desas tarefas se celebraba con música e baile. Malia haber un enorme número de mulleres que compuxeron e transmitiron cantigas populares, a maioría delas permaneceu no anonimato.

Nas últimas décadas do século XX, o traballo realizado pola musicóloga suíza Dorothe Schubarth (1944-2023) e o académico fonsagradino Antón Santamarina, autores da recolleita e edición nos anos 80 do século pasado do *Cancioneiro popular galego*, permitiu identificar informantes como **Adolfina Casás Rama** (1912-2009) e **Rosa Casás Rama** (1913-2005), tía e sobriña naturais da Vila da Igrexa, lugar da parroquia de Cerceda. Tamén a principios dos 80 Milladoiro subía aos escenarios **Eva Castiñeira** quen, canda a súa sobriña, foi a primeira pandeireteira en actuar cun grupo folk. Antes, dende os primeiros 70, actuarían en palcos folclóricos as **Pandeireteiras de Mens**.

Estas e moitas outras iniciativas de persoas que foron recollendo individualmente os cancioneros populares por todo o país contribuíron a visibilizar a enorme riqueza dunha expresión artística colectiva deostada durante séculos. Así e todo, fronte ao que aconteceu noutros territorios, o cancionero popular conseguiu chegar cheo de vida ao século XXI, e deixou unha fonda pegada na alta cultura, empezando polos *Cantares gallegos* de Rosalía de Castro.

A candidatura apoiada pola maioría do pleno da RAG refírese ademais ás novas xeracións de intérpretes e creadores actuais que demostran que na propia esencia da poesía popular oral está a evolucionar e cambiar.



# Plenario extraordinario da Real Academia Galega no Día das Letras Galegas de 2025



A sesión extraordinaria e pública do 17 de maio celebrouse en Malpica de Bergantiños, a terra das Pandeireteiras de Mens. **As Tanxugueiras** abriron o acto interpretando varios temas populares e reivindicaron as cantareiras das que aprenderon a defensa do galego.

Ana Boullón, Antón Santamarina e Xesús Alonso Montero participaron nun acto de recoñecemento das creadoras e transmisoras dos cantares anónimos, así como das persoas que investigaron e recolleron as cantigas do pobo, das que as levaron aos escenarios e mais das novas voces que son xa o futuro da tradición que proxecta a lingua galega polo mundo adiante.

A académica **Ana Boullón** sinalou as claves da historia da poesía do pobo e da súa relación coa música, en que o papel

central da muller foi un feito diferencial de Galicia. Ademais, trazou o retrato das sete mulleres nas que se personifica a celebración deste 17 de maio: **Adolfina Casás Rama, Rosa Casás Rama, Eva Castiñeira, Prudencia Garrido Ameixenda, Asunción Garrido Ameixenda, Manuela Lema Villar e Teresa García Prieto.**

O presidente da RAG, **Henrique Monteagudo**, referiuse á xente nova, e reclamou unha reformulación da política lingüística que poña a infancia e a mocidade no centro.

**Antón Santamarina** pronunciou un discurso no que tirou de 80 anos de memoria persoal, primeiro como cativo da Fonsagrada que mamou as cantigas e logo como compilador e estudoso da poesía popular oral.





○ profesor **Xesús Alonso Montero** compartiu tamén lembranzas dos primeiros anos de vida arredor das coplas, e defendeu a relevancia artística do cancionero da tradición oral, base e inspiración dos *Cantares gallegos* de Rosalía de Castro.

○ pleno rematou coa interpretación do Himno a cargo de **Icía Varela** e **Xaquín Rama**. Tamén se contou coa participación das cantareiras da **Asociación Carcaxía**, que recibiron o público ás portas do auditorio.



# Primavera das Letras



O presidente da Real Academia Galega, Víctor F. Freixanes, e a académica Fina Casalderrey inauguraron o 10 de marzo a nova edición do proxecto Primavera das Letras, da man da comunidade educativa do **CEIP Celso Emilio Ferreiro**, en Cerceda; un dos tres puntos destacados da gran festa da cultura galega de 2025, pois na aldea da Vila da Igrexa naceron e viviron Adolfina e Rosa Casás Rama.

No acto participaron a mestra Felicidad Casás López, a directora do centro, Silvia Betanzos Tajés, o alcalde de Cerceda, Juan Manuel Rodríguez García, a inspectora de Educación Concepción Aramburu

Sánchez, familias do alumnado e unha representación da comunidade educativa de CPI O Cruce de Cerceda.

Os protagonistas da presentación foron os alumnos e alumnas, que interpretaron os papeis das Ferreñas e das Cantareiras das Letras, na representación **As Ferreñas**, unha obra con texto de Paula Carballeira e ilustracións de Nuria Díaz, que tamén estiveron presentes no acto.



# Na lingua que eu falo



O Premio Na lingua que eu falo naceu ao abeiro de Primavera das Letras. O galardón toma o seu nome dun verso da obra fundacional das letras galegas contemporáneas, os *Cantares gallegos* de Rosalía de Castro, que resalta a importancia que ten en concreto, dentro dese vivir e expresarse na nosa lingua, a práctica oral do galego entre as novas xeracións.

A Real Academia Galega puxo en marcha este certame co propósito de recoñecer persoas, proxectos, iniciativas ou experiencias que, ben no ámbito escolar ben noutros espazos, destaquen polo seu traballo a prol da normalización lingüística na infancia.

O centro galardoado na primeira edición foi o **CEIP Milladoiro, de Malpica de Bergantiños**, que destaca polo bo facer do profesorado e do conxunto da súa comunidade educativa: rapaces e rapazas, nais,

pais, avós e avoas e persoal dos servizos complementarios da escola. Este centro actuou ademais como representante dunha comarca, a de Bergantiños, que serve a toda a sociedade galega de espello no que se mirar, xa que é onde se atopan os mellores datos de transmisión interxeracional do idioma.

A Academia valorou especialmente as actividades que o CEIP Milladoiro desenvolve desde hai anos coa competencia oral en galego na cerna. É o caso, entre outras, daquelas enmarcadas na programación da radio escolar, Radio Balea; o DichoLeo, un proxecto centrado na alfabetización audiovisual na que o alumnado grava pequenas pezas coas que traballa nas interferencias lingüísticas e amplían e melloran o vocabulario galego; o Galicómic, unha proposta na que cada aula crea a súa propia banda deseñada; ou libros de produción propia



como o *Dicionario mariñeiro* ou o *Dicionario malpicán*, nos que tamén se lle dá o protagonismo á rapazada da man das súas familias. Aplaudíronse asemade outras propostas como *E ti, de quen vés sendo?*, na que todo o alumnado participou na confección dun xogo de mesa con preguntas arredor de Malpica de Bergantiños, no marco do proxecto documental integrado Patrimonio In-Material!


A directora do CEIP Milladoiro, Ana Seoane Cives, recolleu o galardón de mans do presidente da Academia, Henrique Monteagudo, o 17 de novembro. Fina Casaldeirey, académica responsable da Primavera

das Letras, foi a encargada de conducir un acto no que tamén interviñeron a deputada de Igualdade, Lingua e Dereitos Civís da Deputación da Coruña, Soledad Agra, e o alcalde de Malpica de Bergantiños, Eduardo Parga Veiga.

Tras a entrega do galardón, a xornada festiva continuou cunha visita ao centro, onde se serviron uns petiscos preparados polo alumnado na aula de cociña.



# Se canto é porque quero



O 9 de abril, no Museo do Pobo Galego, estreouse **Se canto é porque quero**. O documental, dirixido por **Damián Varela Pastрана** e realizado por **Miramemira**, consta de tres episodios que tecen un mosaico de testemuños e olladas que retratan o mundo das cantareiras e da poesía popular oral.

A serie arrinca na Vila da Igrexa, recordando o encontro entre Schubarth e Rosa e Adolfina Casás Rama. Relátao na propia aldea Richi Casás, neto e sobriño neto de ambas as cantareiras. Mercedes Peón, Fuxan os Ventos, Felisa Segade ou as rapazas do Regueifa Tour son algunhas das voces convidadas nun relato que fai parada en Cerceda, Malpica de Bergantiños e Muxía, onde se gravou o peche do terceiro episodio coa colaboración de Caamaño & Ameixeiras, Mondra e mais o alumnado e o profesorado do CEIP Os Muíños de Muxía.



**Rosa e Adolfina.**  
**As recollidas onte e hoxe**  
Capítulo 1



**As pandeireteiras de Mens.**  
**Da aldea á cidade**  
Capítulo 2



**Eva Castiñeira.**  
**A necesidade de perdurar**  
Capítulo 3

# As cantareiras e a poesía popular oral



○ 22 de novembro celebrouse no Parador de Muxía o simposio **As cantareiras e a poesía popular oral**. O encontro estivo coordinado polos académicos María López-Sández, Víctor F. Freixanes e Antón Santamarina. O programa desenvolvido foi o seguinte:

## Mañá

10:00 h Inauguración

10.30 h. *Ao ronsel do cantigueiro. Perspectivas etnomusicolóxicas sobre as ensinanzas das cantareiras galegas.*  
Xulia Feixoo. Conferencia

11.00 h. *Letra en música: o cancionero popular galego.* Sergio de la Ossa.  
Conferencia

12.30 h. *Pensar a tradición desde o xénero e a clase social*

Mesa redonda

Domingo Blanco

Branca Villares

Xulia Feixoo

Antón Santamarina (moderador)



## Tarde

16.30 h. *Os avatares de nove melodías tradicionais*. Manuel Rico Vereca.

Conferencia

18.00 h. *Cantareiras: balance dun ano*.

*Mesa redonda*

Richi Casás

Isabel Vigo

Xabier Díaz

Ana Boullón (moderadora)

19.30 h. A. C. Abaladeiras de Muxía

Actuación musical



# Novas das Letras Galegas de 2025


## Presentación das Letras Galegas 2025 na Rede

3 de xaneiro de 2025 

A RAG abriu o ano da poesía popular oral e as cantareiras coa posta en marcha da súa páxina web. A nova sección arrincou coa presentación da celebración da académica Ana Boullón Agrelo e mais unha tribuna do académico Antón Santamarina




## Cadernos de Lingua rescata os contos que recolleu Dorothe Schubarth

13 de xaneiro de 2025 

A investigadora Carme Hermida Gulías recompila unha escolma de narracións de tradición oral que a musicóloga suíza gravou entre as recollas que realizou para o *Cancioneiro popular galego*.



## Presentación de *Cantareiras. A poesía popular nas Letras Galegas 2025*

13 de xaneiro de 2025 

Henrique Mauricio e Carlos Taboada, responsables de Polo Correo do Vento, presentáronlle á Real Academia Galega o volume que publicaron co gallo do Día das Letras Galegas dedicado á poesía popular oral e ás cantareiras.




## Visita da directiva da Agrupación Folclórica Aturuxo

13 de xaneiro de 2025 

O presidente e o vicesecretario da RAG recibiron na sede temporal da institución a directiva da Agrupación Folclórica Aturuxo, quen lles trasladou datos biográficos sobre as Pandeireteiras de Mens.




## Presentación da programación das Letras Galegas 2025

10 de febreiro de 2025 

A académica Ana Boullón presentou xunto ao presidente da RAG, Víctor F. Freixanes, e Damián Varela e Alba López Álvarez, codirectores da serie documental das cantareiras, as iniciativas que se desenvolveron para a celebración das Letras Galegas de 2025.




## Presentación do Laboratorio de Cántigas Novas

16 de febreiro de 2025 

O presidente da Academia, Víctor F. Freixanes, participou na presentación do Laboratorio de Cántigas Novas, un espazo para a experimentación e a creación de novas cancións co-dirixido polos músicos Ugia Pedreira e Óscar Górriz Muxía.




## Conferencia de Henrique Monteagudo na Fábrica de Sel

10 de maio de 2025 

O presidente da Academia impartiu unha conferencia na Fábrica de Sel de Muros sobre a fala e os cantares de Muros. Henrique Monteagudo aprofundou nas recollas históricas de cantigas populares no concello e na comarca da que é natural.




## Inauguración dun mural para Rosa e Adolfinha na EIM Luis Seoane

19 de maio de 2025 

Dolores Sánchez Palomino participou no acto de inauguración do mural de Tania Solla na Escola Infantil Municipal Luis Seoane da Coruña xunto a Felicidad Casás, directora da escola e neta de Rosa Casás; a alcaldesa da Coruña, Inés Rey, e outros representantes institucionais.



## Homenaxe a Eva Castiñeira

20 de maio de 2025 

O presidente e a secretaria da Academia, Henrique Monteagudo e Ana Boullón, e a académica Marilar Aleixandre participaron no acto organizado polo Concello de Muxía ás portas da casa de Eva Castiñeira.



## Homenaxe ás cantareiras e á poesía popular oral no ciclo Follas de Outono

20 de novembro de 2025 

Fina Casalderrey participou na homenaxe ás cantareiras e á poesía popular oral coa que o Concello de Zas pechou o ciclo literario e cultural Follas de Outono. O acto que se desenvolveu no auditorio de Baio contou tamén coa participación de pandeireteiras de distintas xeracións da Asociación Cultural Adro.





# Secciones



# Sección de Lingua

A Sección de Lingua confórmana os seguintes seminarios:

- Seminario de Gramática
- Seminario de Lexicografía
- Seminario de Onomástica
- Seminario de Sociolingüística
- Seminario de Terminoloxía

## Grupo de traballo

En 2025 botou a andar un grupo de traballo constituído polos/as coordinadores/as dos seminarios e outros membros convocados en función da temática, dedicado ao estudo de casos especiais en relación coa norma de cara a adoptar propostas colexiadas.

Coordinadora: Rosario Álvarez Blanco  
Secretario: Henrique Monteagudo

Directora: Rosario Álvarez Blanco

Secretario: Henrique Monteagudo

Membros:

- Marilar Aleixandre
- Xesús Alonso Montero
- Xosé Luís Axeitos Agrelo
- Francisco Díaz-Fierros Viqueira
- Víctor F. Freixanes
- Francisco Fernández Rei
- Xesús Ferro Ruibal
- Manuel González González
- Margarita Ledo Andión
- Ramón Lorenzo Vázquez
- Gonzalo Navaza
- Xosé Luís Regueira Fernández
- M.ª Dolores Sánchez Palomino
- Antón Santamarina
- Andrés Torres Queiruga

# Galego sen fronteiras

## Cursos de lingua e cultura galegas



Os **Cursos de lingua e cultura galegas “Galego sen fronteiras”** chegaron en 2025 á súa trixésimo quinta edición. Baixo a dirección de María López-Sández, e con María Álvarez de la Granja na secretaría académica, reuniu máis de medio cento de estudantes procedentes de Europa, América e Asia. O programa desenvolveuse dende o 3 ata o 24 de xullo. Coma en anteriores edicións, o alumnado gozou dunha experiencia de inmersión lingüística e social en




Galicia ao tempo que acudía a clases e seminarios organizados por niveis. A oferta completouse con visitas e outras actividades que lles ofreceron ás persoas asistentes unha aproximación á realidade do país dende distintas perspectivas, dende a literaria, lingüística e musical á artística e paisaxística.

As clases teóricas e prácticas desenvóléronse co seguinte profesorado:

Grupo	Clases teóricas	Clases prácticas
Elemental 1	Ana Fachal Fraguela e Esther Martínez Eiras	Celia Fernández Vasco e Xoán Carlos Goris García
Elemental 2		
Medio	Vicente Feijoo Ares	Rocío Barreiro Marzoa e Inés Rodríguez Rial

Grupo	Módulos comúns	Monográficos
Superior	Valentina Formoso: <i>Achegamento á sociolingüística galega</i>	Francisco Dubert García: <i>Temas de lingüística galega</i>
	María López-Sández: <i>Historia da literatura galega</i>	Chus Nogueira: <i>Poesía galega e xénero</i>


## Conferencias

**8 de xullo.** Miguel Anxo Seixas Seoane: *Castelao connosco*   

**10 de xullo.** Antón Santamarina: *Historia dos cancioneiros galegos*   

**15 de xullo.** Paula Carballeira: *E seguiremos contando. A oralidade na literatura galega do século XXI*  

**17 de xullo.** Antonio Reigosa: *As palabras ditas: literatura para os sentidos*  

**22 de xullo.** Ana I. Boullón: *Sobre a historia e o presente dos nomes e apelidos en Galicia*   





## Outras actividades


### 7 de xullo. A oralidade musical galega

Actividade impartida porla musicóloga **Bea Busto**, na que se trataron os aspectos musicais, poéticos e sociais máis relevantes da música patrimonial galega nunha aproximación divulgativa.



### 9 de xullo. Concerto interactivo. Para cantar e tocar a pandeireta todo é comezar

Concerto didáctico de achega á música tradicional a través da pandeireta galega. A sesión estivo a cargo de **María López 'Faltri'**, cantareira fundadora de Faltriqueira.  

### 12 de xullo. Excursión á comarca do Barbanza

Xornada de inmersión lingüística e convivencia visitando ás Torres de Oeste (Catoira), Rianxo, A Curota, o dolmen de Axeitos, as dunas de Corrubedo e o castro de Baroña. 

### 14 de xullo. Presentación do libro *Son galego*

**Antón Rey**, alumno dos Cursos nas edicións dos anos 2023 e 2024, é o autor dun libro de poemas que foi presentado polo presidente da RAG, Henrique Monteagudo, e o profesor dos Cursos, Vicente Feijoo.  

### 14 de xullo. A foliada vai boa, ela non está de perder!

Aproximación ao baile tradicional galego. **Carme Campo**, profesora de baile comunitario e fundadora da escola da Gentalha do Pichel, informou o alumnado sobre o contexto no que se bailaba no pasado, como eran as foliadas seráns ou frascas, e que espazos hai na actualidade para o baile tradicional.

### 16 de xullo. Encontro de confraternización

O parque de Bonaval acolleu o tradicional encontro de confraternidade. Na xuntanza servíronse petiscos e os estudantes interpretaron cancións galegas aprendidas nas clases e melodías populares dos seus respectivos países.

### 23 de xullo. Presentación do proxecto *Neofalantes*

O portal web [neofalantes.gal](http://neofalantes.gal) ten como obxectivo servir de fiestra daquelas persoas que aprenderon e falan galego sen que esta sexa a súa lingua nai, tanto nados en Galicia coma xente de fóra que decidiu vivir no noso país.



A trixésimo quinta edición dos cursos clausurouse o 24 de xullo, coa entrega dos diplomas aos sesenta estudantes procedentes dunha vintena de países de Europa, América e Asia que participaron nesta convocatoria. O presidente da Real Academia Galega, Henrique Monteagudo, interveu no acto xunto á directora dos Cursos, a académica María López-Sández; a directora do ILG, Elisa Fernández Rei; e o secretario xeral da Lingua, Valentín García.



# Seminario de Gramática

O Seminario de Gramática, creado no ano 2000, encárgase da elaboración de estudos gramaticais sobre a lingua galega.

Coordinadora: Rosario Álvarez Blanco  
Secretario: Xosé Luís Regueira Fernández

Reunións do Seminario de Gramática

14 de xullo de 2025

Membros:

Rosario Álvarez Blanco  
Xosé Luís Regueira Fernández  
Ernesto González Seoane  
María Álvarez de la Granja  
Francisco Cidrás Escáneo  
Francisco Dubert García  
Elisa Fernández Rei  
Xosé A. Fernández Salgado  
Xosé Xove Ferreiro

Durante o ano 2025, a actividade do Seminario de Gramática foi continuadora da desenvolvemento en anos precedentes.

## **Gramática académica**

O equipo responsable da redacción da gramática da Real Academia Galega constituíuse hai xa algúns anos, arredor do proxecto *Gramática xeral descritiva do galego moderno*, co obxecto de describir o diastema do galego moderno (séculos XIX-XXI), atendendo ás distintas variantes xeográficas, cronolóxicas, sociais e estilísticas comprobables na actualidade. Individualmente ou en parcería, os seus membros teñen unha liña de traballo ininterrompida neste campo.

Con posterioridade, este equipo de gramáticos, coordinado por **Rosario Álvarez**, asumiu a encarga de elaborar a gramática institucional da Real Academia Galega. O obxectivo académico é redactar unha gramática descritiva do galego estándar, capaz de orientar sobre o uso e as múltiples opcións lingüísticas, e asemade sobre a corrección gramatical, dirixida a usuarios de amplo espectro, con certo nivel cultural pero sen coñecementos técnicos en lingüística.

## ConVerSo

O proxecto **Construcións verbais e sintaxe da oración** ten dous grandes obxectivos: un, específico, de redacción dun dicionario de construcións verbais, consistente na descrición semántica e sintáctica dos verbos galegos máis frecuentes; outro, de alcance máis amplo, de construción dunha base de datos con información sobre a sintaxe oracional: constituíntes sintácticos, orde e expresión formal.

En 2025, continuou a revisión e depuración de ConVerSO, base de datos compartida entre o Seminario e o ILG, que serve de corpus complementario indispensable para a redacción da gramática institucional. Realiza estes traballos o académico correspondente **Xosé Xove**.

## Consultorio lingüístico

Seguiuse coa resposta a consultas lingüísticas no ámbito da gramática, polo xeral formuladas por particulares que as dirixen á institución. Son resoltas en rolda polos membros do Seminario, que debaten por correo electrónico e consensúan a resposta. O coordinador do Consultorio da RAG é o académico numerario **Xosé Luís Regueira**.



# Seminario de Lexicografía

O Seminario de Lexicografía da Real Academia Galega dedícase á elaboración de dicionarios e obras de consulta. Creouse en 1983 e comezou a súa andaina co primeiro **dicionario monolingüe da RAG, publicado en 1990**. Despois de varias revisións, a última versión do *Dicionario da Academia* conta con máis de 60000 entradas e está dispoñible en **academia.gal**. Así mesmo, realiza dicionarios bilingües e colabora en obras de especialidade como o Dicionario de termos médicos, o de Tecnoloxías da información e comunicación, o de Alimentación e restauración etc.

Coordinador: Manuel González González

Secretaria: M.<sup>a</sup> Dolores Sánchez Palomino

Membros:

Xosé Luís Axeitos Agrelo

Francisco Díaz-Fierros Viqueira

Francisco Fernández Rei

Manuel González González

Ramón Lorenzo Vázquez

M.<sup>a</sup> Dolores Sánchez Palomino

Antón Santamarina Fernández

Andrés Torres Queiruga

Xosé M.<sup>a</sup> Gómez Clemente

M.<sup>a</sup> Carme Pazos Balado

Reunións do Seminario

15 de xaneiro de 2025

19 de febreiro de 2025

19 de marzo de 2025

23 de abril de 2025

21 de maio de 2025

25 de xuño de 2025

23 de xullo de 2025

17 de setembro de 2025

15 de outubro de 2025

19 de novembro de 2025

17 de decembro de 2025

Persoal adscrito:

Ana Isabel Fachal Fraguela

Celia Fernández Vasco

María Liliana Martínez Calvo

## Diccionario da Real Academia Galega

Continuouse co labor de revisión e actualización do DRAG, consistente na incorporación de novas entradas, na supresión dalgunhas que caeron en desuso e na modificación do contido de artigos lexicográficos xa existentes (novas acepcións, retirada de acepcións en desuso, e corrección de erros de todo tipo detectados na redacción).

Durante 2025 estudáronse máis de 300 palabras, modificáronse preto de 350 lemas e incorporáronse máis de 100 novos termos.

## Diccionario histórico e etimolóxico da lingua galega

O *Diccionario histórico e etimolóxico da lingua galega* é unha obra fundamental para o coñecemento tanto do devir histórico da lingua e da cultura galegas coma da súa situación actual. A dirección deste proxecto correspóndelle a **María Dolores Sánchez Palomino** e **Manuel González González**.

En 2025 realizouse proceso de trasvase aos servidores da RAG tanto da páxina web do DHELG coma da plataforma para a súa redacción e dos recursos elaborados ata este momento.

Acometeuse a adaptación da xestión da base de datos de fontes bibliográficas ao espazo web do DHELG en academia.gal.

## Diccionario bilingüe castelán-galego

Continuouse coa elaboración do *Diccionario bilingüe castelán-galego da Real Academia Galega* (DRAGBIL), dirixido pola académica **M.ª Dolores Sánchez Palomino**.

O traballo parte da revisión, corrección e actualización do **diccionario bilingüe publicado pola Real Academia Galega no 2004**, tendo en conta, entre outros aspectos, a cohesión co *Diccionario da Real Academia Galega* (DRAG), de carácter monolingüe. Durante o ano 2025 o labor de revisión, corrección e ampliación do Diccionario castelán-galego (DRAGBIL) abrangueu as seguintes tarefas:

Revisión de unidades pluriverbais e de lemas alternativos; depuración de erros nas árbores das remisións; asignación de glosas e etiquetas informática; filtrado e depuración de paráfrases; listaxe de adverbios en *-mente*, desenvolvemento, tradución e exemplos; revisión de femininos regulares e alternativos; revisión de indicacións fonéticas; revisión de tecnolectos; relación de adxectivos rematados en *-ble/-bel*; relación de abreviaturas para facer as marcas expandidas/contraídas; revisión das ferramentas de busca.

## Consultorio lingüístico

O Seminario ao longo do ano 2025 deu resposta a máis de 1 100 consultas que lle foron solicitadas por entidades públicas e privadas sobre determinados problemas lexicográficos.

# Portal das Palabras



## Setestrelas

Na sección **Setestrelas** preséntanse grupos de sete palabras que se relacionan entre si baixo un fío común. En moitos casos, o vínculo está motivado por algunha conmemoración. Durante o 2025 publicáronse **50 novas entradas**, algunhas delas motivadas por celebracións como o Día da muller e a ciencia ou festividades consolidadas na sociedade como o Samaín ou o Nadal.

## Mira que din

Neste apartado dáse difusión ás palabras novas, as que se actualizan e tamén ás innovacións léxicas froito do momento. En 2025 viron a luz **76 novos contidos**. Na elaboración dos contidos priorizáronse aqueles relacionados con actualidade.

## Allos con bugallos

A sección onde se dá noticia da historia das palabras, da dialectoloxía e a fraseoloxía, de curiosidades sobre a linguaxe, da situación dos idiomas no mundo ou contidos interesantes sobre a lingua. No ano 2025 editáronse **63 contidos** diversos, entre os que destaca unha serie exclusiva dedicada á poesía galega publicada nos meses de estío.



## Palabra do día

A Palabra do día **renovouse diariamente** con series temáticas vinculadas a efemérides ou asuntos de actualidade, das que se ofrece unha definición, proposta etimolóxica, citas literarias e, nalgúns casos, imaxes propias. A primeira semana do ano dedicouse ás palabras relacionadas con agasallos; houbo unha serie referida á saúde mental, un conxunto delas relacionado coa Candeloria, festexouse o Día das Mulleres na Ciencia e tamén se buscaron palabras relacionadas coa sociolingüística no Día da Lingua Materna. Ademais, houbo varias series de palabras relacionadas co Día das Letras Galegas, nas que se traballaron palabras vinculadas coas cantareiras e a poesía poular oral, exemplificadas en diferentes cantigas.

## Ligazóns

Esta sección actualizouse achegando enlaces a diversos recursos de interese, ben no ámbito da lexicografía, a través de vocabularios, glosarios etc., ben de maneira máis aberta en relación coa lingüística e a linguaxe en xeral, con materiais elaborados en diversos centros de ensino públicos, recursos audiovisuais, noticias sobre a lingua, actividades etc.

## Xogos

En 2025 incorporáronse **44 novas entradas** nesta sección, nas modalidades “Verdadeiro ou falso”, “Só unha vale”, “Canto sabes?”, “Dimo con letras”, “Apunta ben”, “A ver se dás...” e “Opa!”.

The screenshot shows the 'Palabra do día' (Word of the Day) page for the word 'torcaza'. At the top, it says '27 FEBRERO 2025'. The word 'torcaza' is displayed in a large, elegant font. Below it, a definition reads: 'Ave da familia dos columbidos, duns corenta centímetros, de cor cinzenta coas patas e o peiteiro granates, pintas brancas nas ás e nos laterais do pescozo e no extremo do rabo unha ancha banda negra'. There is a small image of a bird. The 'ETIMOLOXÍA' section explains that the name comes from the Latin 'torca' (to be dark) and 'caza' (to hunt), coinciding with the dark spots on the wings. The 'EXEMPLOS' section includes a quote from Manuel Rodríguez Troncoso's 'Riaces rurales' (1996): 'Moitas das horas do día pesábaoas olfando onde e bestra cara ás carballeiras, entrelíbase a ver para-las torcazas que fan do Iradouro á Carballeira de Baixo'.

The screenshot shows the 'PORTAL DAS PALABRAS' website. It features a search bar at the top with the text 'Palabra do día'. Below the search bar, there is a grid of various content items, each with a small image and a title. The items include: 'Aprendizaxe de Castelán', 'Día Internacional para eliminar a violencia contra as mulleres', 'Tradicional de Galicia', 'Día das Letras Galegas 2025', 'Vocabulario das palabras', 'Día de Mellas 2025', 'Día de Braille', and 'Día de apalidos galegos'. The website has a dark blue header and a light blue background for the content area.

## Letras Galegas 2025

Neste ano, como é habitual, houbo programación especial centrada nas Letras Galegas, dedicadas en 2025 ás cantareiras e á poesía popular oral. Así, na sección Setestrela houbo unha entrada especial do 17 de maio; catro Mira que din e un Allos con bugallos foron accesibles a partir do mes de febreiro ata que rematou o simposio das Letras Galegas. Tamén se crearon cinco series exclusivas de Palabras do día ao longo do ano.

O Portal das palabras adheriuse á conmemoración do 75 aniversario do pasamento de Castelao con contidos específicos sobre o académico en todas as súas seccións. Estes contidos están accesibles baixo a etiqueta Ano Castelao.



## A palabra do Ano 2024

A campaña da Palabra do Ano procura identificar voces especialmente destacadas na conversa pública dos últimos doce meses.

Na décimo primeira edición desta iniciativa, a voz gañadora foi **xenocidio**, un neoloxismo creado por Raphaël Lemkin (1901-1959), adoptado tras a II guerra mundial pola ONU na convención para a súa prevención e sanción. Este termo pronunciouse en múltiples ocasións nos últimos meses para sinalar as accións do estado de Israel na Franxa de Gaza.

**Foliada**, expresión da alegría colectiva, foi o termo que quedou en segundo lugar, e a vaga de incendios do verán deulle o terceiro lugar á palabra **lume**.



# Novas do Seminario de Lexicografía

## Cantareira incorpórase ao paseo das Palabras do Ano de Lugo

2 de abril de 2025 ⓘ

*Cantareira*, a Palabra do Ano 2024, incorporouse ao paseo das Palabras do Ano de Lugo. O presidente da Real Academia Galega, Víctor F. Freixanes, e o responsable de Patrimonio e Cultura da Fundación Barrié, o académico correspondente Diego Rodríguez, visitaron a rúa Menorca acompañados do tenente de alcalde, Rubén Arroxo, e a concelleira de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, Maite Ferreiro.



## Alfombreiro, auguista e lubre entran no Dicionario da Real Academia Galega

1 de agosto de 2025 ⓘ

O Seminario de Lexicografía incorporou estas tres palabras, logo de valorar senllos pedimentos da Asociación de Alfombristas do Corpus Christi de Pontearreas, o Concello de Mondariz Balneario e mais o grupo musical Luar na Lubre e Navia Franco Barreiro.



## O Dicionario da Real Academia Galega incorpora un cento de voces

14 de novembro de 2025 ⓘ

A última actualización do ano do Dicionario da Real Academia Galega sumou un cento de voces. Entre as novas entradas figuran vocábulos que completan familias de palabras como *antiincendios* ou *bucinada*, mais tamén outros tradicionais como *bochinche*, *eis* e *naipelo*. Incorporáronse expresións como *a descomán* e palabras de máis recente creación ou popularización como *autofoto* ou *feísmo*.



# Seminario de Onomástica

O Seminario de Onomástica, creado en 2001, encárgase da recompilación de datos do ámbito da onomástica, da súa investigación e da elaboración de informes sobre toponimia e antroponimia.

Coordinador: Antón Santamarina

Secretaria: Luz Méndez

Membros:

Ana Isabel Boullón Agrelo

Xesús Ferro Ruibal

Ramón Lorenzo Vázquez

Gonzalo Navaza Blanco

Antón Santamarina

Xosé María Lema Suárez

Luz Méndez

Xosé Antón Palacio Sánchez

Persoal adscrito:

Óscar Castro Castedo

Vicente Feijoo Ares

Iván Méndez López

Reunións do Seminario

28 de xaneiro de 2025

18 de febreiro de 2025

26 de marzo de 2025

9 de abril de 2025

22 de abril de 2025

28 de maio de 2025

19 de xuño de 2025

18 de xullo de 2025

29 de xullo de 2025

11 de setembro de 2025

22 de outubro de 2025

11 de novembro de 2025

16 de decembro de 2025



## Galicia Nomeada ⓘ

O Seminario de Onomástica da RAG é o responsable da administración e xestión de Galicia Nomeada, a plataforma colaborativa para a recolleita da microtoponimia galega e de toda a tradición oral vencellada a ela.

A finais de 2025 Galicia Nomeada contaba con 4193 usuarios/as rexistrados/as, que nese ano achegaron 10114 novos topónimos. Ademais, engadíronse outros 7830 grazas á información sobre a microtoponimia de Dumbría cedida por Modesto García Quintáns en 2024. Xa que logo, en total a base de datos inclúe 103086 topónimos.

En 2025 revisáronse e corrixíronse 15410 microtopónimos, dos cales 9381 corresponden aos incorporados en 2021 procedentes do Proxecto Toponimia de Galicia (2000-2011), xeorreferenciados polo Instituto de Estudos do Territorio (IET), e os outros 6029 á doazón de Modesto García Quintáns.

Outra das novidades deste ano foi a implementación de dúas ferramentas na web: o **buscador filolóxico**, que permite facer buscas combinadas, empregar caracteres comodíns e aplicar diferentes tipos de filtros, e a **carga masiva de topónimos**, que

permite incorporar bases de datos de recollidas de informantes.

En 2025 o Seminario desprazouse a varios colexios e institutos de Galicia para explicarlles a alumnado e profesorado as funcionalidades da aplicación Galicia Nomeada. Os centros visitados foron o IES Aquis Celenis (Caldas de Reis), IES Arcebispo Xelmírez I (Santiago de Compostela), IES Enrique Muruais (A Pontenova), IES Lama das Quendas (Chantada) e CPI Ponte Carreira (Frades).

Ademais, traballouse coa Asociación Veciñal O Cruceiro (Laxe, Fornelos de Montes), a Asociación Cultural Os Penoucos (Baixo Ulla), a Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Leiro e a Plataforma pola Defensa do Monte.

Participouse tamén en tres xornadas científicas:

- V Congreso Toponomasticon Hispaniae. O Camiño hispánico do étimo aos topónimos.* 9-11 de xuño de 2025. Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela
- Xornadas sobre a salvagarda do patrimonio cultural inmaterial de Galicia.* 13 de novembro de 2025. Consello da Cultura Galega.
- Festival Castelo Conta. Os nomes de Castelo.* 11-15 de agosto de 2025. Asociación Castelo Conta.




## Toponimia de Galicia ⓘ

En 2025 elaboráronse diversos contidos para o mantemento e a continua actualización do portal *Toponimia de Galicia*, ademais de manter o mapa interactivo de Galicia, onde se consulta e descarga a toponimia recolleita en cada concello.

Redactáronse catorce novos contidos para a sección **Sabías que...**, repartidos nos subapartados *Curiosidades*, *Toponimia e cantigueiro*, *Etimoloxías populares* e *Toponimia e fraseoloxía*: monte Farelo e Facha, rúas de Lugo, Corrubedo, Salvaterra de Miño, río Xallas, Abanqueiro, Arousa, ría do Burgo, Caldas de Reis, As Maus, Mens, Bembibre, Dozón e Mondariz Balneario.

Engadíronse quince novos contidos etimolóxicos na sección **Detrás do nome** (A Marola; Caldas de Reis; río Asma; A La-

vandeira; Cachagonza; Aboi, Gafoi e Tañoi; Soesto; Lucenza; Moces; Baralla; Cervantes; Matalobos; Troncoso e Mondariz Balneario; Mizote e Moi; e Bembibre), cinco para a sección **Os nomes da nosa terra** (A Serra do Cando, Rodeiro, Baiona, A Illa de Arousa, O Milladoiro), once para a sección **O Seminario de Onomástica responde** (Vila da Igrexa e Cerceda; Mens; Muxía; Malpica de Bergantiños, estes catro relacionados co día das letras galegas; Pombeiro; Laza; Brandomil; Pantón; O Riós; O Pino; e Vedra) e dous para a sección **Publicacións de interese**.



## **O Seminario de Onomástica responde**



### **Vila da Igrexa e Cerceda**

Iván Méndez  
7 de maio de 2025



### **Mens**

Gonzalo Navaza  
12 de maio de 2025



### **Muxía**

Andrea Santiso  
19 de maio de 2025



### **Malpica de Bergantiños**

Gonzalo Navaza  
27 de maio de 2025



### **Pombeiro**

Antón Palacio  
21 de outubro de 2025



### **Laza**

Vicente Feijoo  
28 de outubro de 2025



### **Brandomil**

Xosé María Lema  
4 de novembro de 2025



### **Pantón**

Antón Palacio  
11 de novembro de 2025



### **O Riós**

Vicente Feijoo  
18 de novembro de 2025



### **O Pino**

Antón Santamarina  
26 de novembro de 2025



### **Vedra**

Luz Méndez  
2 de decembro de 2025

## Nomenclátor de Galicia

O 18 de xullo de 2025, a Comisión de Toponimia da Xunta de Galicia aprobou a proposta de revisión, corrección e actualización do *Nomenclátor de Galicia*. Sobre a base de 42212 rexistros iniciais realizáronse estudos sobre problemas lingüísticos en 4225 topónimos, dos cales en 2484 se emitiu un novo ditame e en 1741 se mantivo o ditame do Nomenclátor de 2003.

O seguinte paso na oficialización dos novos ditames será a aprobación deste novo documento no Consello da Xunta e a súa publicación no DOG a través dun decreto. Pero, tras facerse pública a modificación do nome oficial de doce concellos galegos, acordouse deixar un período para explicarlles os argumentos que levaron a ese cambio de nome e permitirlles facer as alegacións que considerasen oportunas.

Para este fin, a Xunta de Galicia pediulle ao Seminario de Onomástica da RAG que elaborase un informe para cada un destes concellos que vían modificado o seu nome cos argumentos científicos que motivaron o cambio no nome oficial.

## Informes onomásticos

Redactáronse 41 informes onomásticos: 24 relativos a apelidos (ben para a galeguización, ben sobre a súa orixe e significado); seis referentes a nomes de pía; oito sobre topónimos; e tres doutra tipoloxía.

## Toponimízate 2025

A campaña Toponimízate é un programa específico de divulgación do valor cultural da toponimia e da necesidade de salvaguardar a microtoponimia a través de Galicia Nomeada destinada aos concellos que están na Rede de Dinamización Lingüística (RDL) da Secretaría Xeral da Lingua. En 2025 impartíronse doce charlas: **Frades, Laxe e Val do Dubra** (A Coruña), **Baralla, Cervantes e Chantada** (Lugo), **Baños de Molgas, Melón e Sandiás** (Ourense) e **Dozón, A Estrada, Mondariz e Mondariz Balneario** (Pontevedra). Chegouse así á cifra de 106 concellos nas oito edicións desta iniciativa.

Nas doce charlas explicáronse un total de 1837 topónimos e asistiron arredor de 400 persoas.





## X XORNADA DE ONOMÁSTICA GALEGA

Os nomes do mar 4 de outubro de 2025, Museo de Pontevedra



### X Xornada de Onomástica Galega. Os nomes do mar



A X Xornada de Onomástica Galega, celebrada o 4 de outubro no edificio Castelao do Museo de Pontevedra baixo o título “Os nomes do mar”, reuniu especialistas que profundaron na riqueza da microtoponimia das terras ribeiregas e mais nos nomes das áreas mergulladas, as realidades invisibles dos fondos mariños.

O encontro anual que organiza o Seminario de Onomástica da Real Academia Galega, coa colaboración da Deputación de Pontevedra e do Museo de Pontevedra, estivo coordinado polas académicas Ana Boullón e Luz Méndez, e desenvolveuse da seguinte forma:



## Sesión de mañá

- 10:00 h Inauguración
- 10:30 h *Evolución de topónimos e talasónimos na cartografía de Galicia*. María de los Ángeles Piñeiro Antelo
- 11:00 h *Lance á talasonimia popular: o traballo de campo*. Helena Domínguez García
- 11:30 h Debate



- 12:30 h *As marcas de mar dos guardeses*. José Benito Rodríguez Álvarez, Tito O Chirro
- 13:00 h *Un tesouro do patrimonio cultural inmaterial: a talasonimia. Estratexias de difusión*. Xosé Lois Vilar Pedreira
- 13:30 h Debate



## Sesión de tarde

- 16:30 h *Nomes que navegan: barcos e bateas nas Rías Baixas*. Lucía López Lires e Aarón Otero Ferrari
- 17:00 h **Intervención didáctica:** *Aceptamos barco como animal de compañía. Proposta de unidade didáctica para a análise da toponimia en 2º da ESO*. Xosé Manuel Dopazo Entenza
- 17:30 h Debate
- 18:00 h *A ruta de Ulises de Fingal*. Xurxo Souto
- 19:00 h Clausura





## Guía de nomes galegos



A **Guía de nomes galegos** recolle a forma estándar de máis de 1 500 nomes que forman parte da nosa tradición antroponímica. Inclúe tamén as súas correspondencias con outras linguas e procura satisfacer a curiosidade sobre a historia ou lenda das personaxes que primeiro levaron estes nomes ou que os popularizaron.

En 2025 continuouse coa depuración e actualización dos seus contidos, así como coa atención das consultas e suxestións das persoas usuarias desta guía. Neste ano, a **Guía de nomes galegos** recibiu máis de 530 000 consultas.



## Guía de apelidos galegos




En xaneiro de 2025 presentouse a **Guía dos apelidos galegos**, a ferramenta en liña que facilita o coñecemento das formas propias de máis de 6 000 nomes de familia que abranguen aproximadamente o 95% da poboación galega. A Guía ofrece tanto a forma estándar de cada apelido coma as non estándar, coa equivalencia non deturpada, e permite descargar un informe do Seminario de Onomástica da RAG que acredita cal é a forma correcta daqueles apelidos alterados.

A través do apartado “Axúdanos a mellorar”, esta ferramenta recibiu multitudes de consultas e suxestións, así como solicitudes de informes sobre a orixe ou a forma correcta de apelidos.

Dende a súa publicación, esta ferramenta sobrepasa as 145 000 consultas.

# Novas do Seminario de Onomástica


## Presentación da Guía de apelidos galegos

29 de xaneiro de 2025 

Ana Boullón, coordinadora da guía, o presidente da RAG, Víctor F. Freixanes, e o vicesecretario, Henrique Monteagudo, presentaron esta ferramenta en liña para facilitar o coñecemento das formas propias dos apelidos galegos e a súa restitución.




## Inclusión da toponimia como ben patrimonial no PXOM de Redondela

21 de febreiro de 2025 

O presidente da Real Academia Galega, Víctor F. Freixanes, participou nun encontro coa alcaldesa redondelá, Digna Rivas, centrado nas accións de conservación e divulgación dos nomes de lugar do seu territorio. Na xuntanza tamén participaron o vicesecretario da RAG, Henrique Monteagudo, o académico Gonzalo Navaza, membro do Seminario de Onomástica, e a concelleira de Cultura, Rita Pérez Táboas.





## Galicia Nomeada achégase aos 88 000 microtopónimos rexistrados

31 de marzo de 2025 

Galicia Nomeada supera o medio millón de topónimos xeorreferenciados. Preto de 88 000 desas entradas son nomes de leiras, regos, devesas, camiños, praias, fontes e outros microtopónimos rexistrados por veciños e veciñas de todo o país.




## Presentación de *Toponimia de Trabada*

28 de xuño de 2025  

O Museo Etnográfico Xosé Rocha de Trabada acolleu a presentación do volume da filóloga Xulia Marqués Valea para a colección Terra Nomeada da Real Academia Galega e a Asociación Galega de Onomástica.




## Aprobación da proposta de actualización do Nomenclátor por parte da Comisión de Toponimia

18 de xullo de 2025 

O coordinador do Seminario de Onomástica, Antón Santamarina, presentou a proposta de revisión, corrección e actualización do Nomenclátor de Galicia na xuntanza da Comisión de Toponimia canda outros académicos.



## O Seminario de Onomástica explicalle á veciñanza da Caniza as razóns do cambio do nome do concello

18 de outubro de 2025 

O coordinador do Seminario de Onomástica, Antón Santamarina; a secretaria da RAG, Ana Boullón, e o tamén académico de número Gonzalo Navaza compareceron ante os veciños e veciñas da Caniza xunto ao secretario xeral da Lingua da Xunta de Galicia, Valentín García, e o alcalde, Luis Piña, para expoñer as razóns lingüísticas, históricas e normativas que xustifican a muda a denominación do concello na vindeira actualización do *Nomenclátor de Galicia*.



# Seminario de Sociolingüística

O Seminario de Sociolingüística, creado en 1990, desenvolve estudos que abranguen múltiples temas, como a elaboración de enquisas macrosociolingüísticas, a análise de actitudes lingüísticas, a medición das competencias lingüísticas ou a dinamización lingüística.

Coordinación: Henrique Monteagudo  
(até o 20 de xuño de 2025)

María López-Sández (dende o 20  
de xuño de 2025)

Membros:

Marilar Aleixandre  
Xesús Alonso Montero  
Víctor F. Freixanes  
Margarita Ledo Andión  
María López-Sández  
Henrique Monteagudo  
Xosé Luís Regueira Fernández  
Xosé Henrique Costas  
Alba Nogueira López  
Fernando Ramallo Fernández  
Modesto A. Rodríguez Neira  
Goretti Sanmartín Rei  
Héctor Silveiro

Persoal adscrito:

Xaquín Loredo Gutiérrez  
Gabino S. Vázquez Grandío  
Martín Vázquez Fernández

## Grupo de traballo Educación e lingua galega

Este grupo de traballo constituíuse o 26 de xaneiro de 2023, e confórmano os seguintes membros:

Seminario de Sociolingüística da RAG

María López-Sández  
Henrique Monteagudo Romero  
Xaquín Loredo Gutiérrez  
Gabino S. Vázquez Grandío  
Martín Vázquez Fernández

Asesoría externa

Ana Iglesias  
Pilar Ponte  
Bieito Silva  
Valentina Formoso

# MoDO GALE ACTÍVAO!

## Modo galego, actívaio!



MODO GALEGO, ACTÍVAO! é un proxecto de dinamización lingüística que implementa investigación e acción e que desenvolve a Real Academia Galega e o Concello de Ames, coa participación da comunidade educativa vinculada a educación infantil, primaria e secundaria (1º e 2º ESO). Con el, preténdese explorar novos xeitos de dinamizar a lingua entre a xente máis nova e avaliar os resultados.

O proxecto botou a andar no ano 2021, tras a publicación do *Mapa sociolingüístico escolar de Ames*, un amplo traballo de investigación que permitiu establecer a diagnose de partida. Dende aquela, desenvóléronse moitas e diversas accións orientadas á rapazada, ás familias e ás e aos profesionais da educación formal e non formal.

O obxectivo central deste programa é animar o alumnado, o profesorado e o persoal dos servizos complementarios de Ames a empregar, durante tres semanas consecutivas, a lingua galega o máximo

posible e en todos os contextos. Para isto establécese un compromiso inicial e propóñense pequenas actividades diarias que lembren e visibilicen o acordo de activación lingüística asinado. Todo o proxecto artículase a través dunha páxina web que se actualiza diariamente mentres dura o desafío.



Entre o 20 de xaneiro e o 14 de febreiro celebrouse a **terceira edición do programa**, para o que se deseñou de novo a súa dinámica xeral conforme aos resultados das avaliacións das edicións pasadas. Por primeira vez, a programación estendeuse á ESO, incluíndo os cursos do primeiro ciclo dos dous IES de Ames.

A campaña presentouse o 16 de xaneiro. Nos actos de apertura e peche contou coa asistencia da executiva da Real Academia Galega e autoridades municipais e da Xunta de Galicia.

Unha vez finalizada, traballouse na valoración dos resultados, para o que se empregaron varios instrumentos, como enquisas ao alumnado e ao profesorado. Tamén se avaliou a adhesión e o seguimento do programa mediante a aplicación web **Activador MGA!** deseñada e programada polo Seminario de Sociolingüística. Comezouse tamén nese momento cos preparativos da vindeira edición.



O traballo desenvolvido nesta edición e nas anteriores pódese ver na páxina web da edición local do programa.

O proxecto **Modo galego, actíva!** despertou interese mediático e tamén nos ámbitos educativos. Así, os técnicos responsables impartiron a formación *Microcredencial Universitaria en mestres e mestras polo galego: boas prácticas de normalización lingüística na primeira infancia* na USC e difundiron o método e os seus resultados en diversas publicacións, xornadas e entrevistas. Nese sentido, trabállase na edición dun volume monográfico sobre o desenvolvemento e os resultados desta iniciativa.

En 2025 o proxecto foi galardoado co **Premio Mil Primaveras**, que outorga anualmente a CTNL a proxectos destacados de dinamización lingüística.



## Mapa sociolingüístico escolar de Santiago de Compostela

No *Mapa sociolingüístico escolar de Santiago de Compostela* combínanse datos sociolingüísticos e sociodemográficos recollidos entre o profesorado, o alumnado e as familias da educación primaria, secundaria e postobrigatoria da cidade. Inspirado en estudos previos como o *Mapa sociolingüístico escolar de Ames*, este proxecto busca identificar os factores que estruturan a distribución da poboación no ámbito escolar compostelán segundo a súa relación coas dúas linguas oficiais. A análise céntrase especialmente nas relacións entre lingua, mobilidade e territorio.

○ proxecto quere afondar no coñecemento do proceso de desgaleguización e estudar o efecto de determinados contextos e etapas vitais no cambio e mantemento lingüístico dos escolares. ○ obxectivo final

é analizar as dinámicas sociolingüísticas do concello a fin de repensar as políticas lingüísticas educativas, regradas e non regradas, xa que ademais da educación formal, o proxecto estende a súa metodoloxía a outros espazos de socialización xuvenil, como os centros socioculturais ou as escolas de música.

En 2025 traballouse na elaboración da mostra e na recollida de datos cuantitativos nos centros educativos do concello. No apartado cualitativo, continuouse facendo entrevistas a informantes clave seleccionados polo Concello.

As primeiras análises destes datos difundíronse nun artigo publicado no número 42 de *Cadernos de Lingua*, e asinado por Martín Vázquez Fernández.



## Estudos sociolingüísticos de centro

A partir da experiencia pioneira recollida en *A lingua no CEIP Agro do Muíño*, centrada no estudo dun único centro educativo, o *Mapa sociolingüístico escolar de Ames* ampliou o foco á totalidade da comunidade educativa do concello de Ames.

○ Seminario de Sociolingüística realizou posteriormente estudos que replican estas investigacións en centros que poden constituir un punto de partida para futuros mapas sociolingüísticos municipais.

No caso do **Instituto Félix Muriel** de Rianxo, o proxecto comezou a desenvolverse en 2022. Actualmente, rematada a

fase de estudo, trabállase na edición e publicación dos resultados.

No **IES Neira Vilas** de Oleiros concluíuse a recollida de datos dunha mostra que supón practicamente a totalidade da comunidade educativa.

No caso do **IES Afonso X** de Cambre, realizouse a adaptación dos cuestionarios e iniciouse a aplicación dos instrumentos de recollida de datos.

## Protocolo de colaboración con Alingua

En 2025, a RAG e Alingua, a asociación de entidades locais pola lingua galega, asinaron un protocolo de colaboración para impulsaren xuntas accións en prol do idioma. Baixo este marco, os concellos asociados poderán incorporarse aos proxectos do Seminario de Sociolingüística, a elaboración dos seus *Mapas sociolingüísticos escolares* e a participaren en próximas edicións do proxecto de investigación-acción *Modo galego, actívao!*

O protocolo entre a RAG e Alingua rubricouse o 29 de outubro, dous meses despois da celebración en Rois dunha xornada na que os concellos de Alingua coñeceron en detalle *Modo galego, actívao!* e se presentou de forma sistemática a elaboración do *Mapa sociolingüístico escolar de Ames*.

Dende que se asinou o acordo, máis dunha ducia de concellos trasladaron á Academia o seu interese e iranse progresivamente sumando ás iniciativas.




## O conflito lingüístico en contextos educativos

Nesta investigación analizáronse as políticas educativas galegas, un dos eidos nos que o conflito lingüístico se fixo máis explícito. Estudouse a súa evolución nos últimos 50 anos, dende a última etapa da ditadura franquista e o desenvolvemento do proxecto da autonomía na democracia, a súa construción ideolóxica e os seus obxectivos, e a súa incidencia na realidade social, tanto dende o punto de vista demolingüístico coma dende a percepción subxectiva do conflito lingüístico.

Os resultados recolléronse na seguinte publicación:

Vázquez-Grandío, Gabino S.; Loredó, Xaquín; e Monteagudo, Henrique (2025). When the policy is to hide the conflict. Language politics and education in the autonomous community of Galicia. En: Yliana V. Rodríguez e Adolfo Elizaincín, eds. *Language Conflict in Educational Settings: international perspectives*. New York: Routledge, 189-216.

Actualmente trabállase na adaptación dos resultados da investigación á lingua galega.



## Lingua e sociedade en Galicia

Este proxecto tiña como obxectivo unha análise en profundidade dos datos da *Enquisa de condicións de vida das familias* de 2018 (IGE, 2018), con especial atención ao módulo “Coñecemento e uso do galego”. Complementouse coa análise da evolución destes datos extraída da comparación con outras bases de datos existentes. En termos xerais, o traballo adoita utilizar unha estrutura semellante a *Lingua e sociedade en Galicia. A evolución sociolingüística de Galicia (1992-2013)* (Monteagudo, Loredo e Vázquez 2018).

Con todo, considerouse que os datos dispoñibles no Seminario, os que estamos a obter noutros traballos e os que están a facer públicos outras institucións son susceptibles de explotacións en moita maior profundidade, análise na que se traballou en 2025. Un exemplo desta explotación pode ser o referido á situación sociolingüística da poboación de orixe estranxeira, que foi empregada como explicación para a deriva da porcentaxe de uso da lingua galega nos datos globais. Sobre esta cuestión difundiranse proximamente os resultados nunha publicación monográfica.

En 2025 o Seminario centrouse na divulgación do *Informe sobre a situación da lingua galega segundo os datos do Instituto Galego de Estatística de 2023* tanto en publicacións coma en xornadas ou seminarios. Un deles foi *O dereito tamén en galego*, celebrado na Facultade de Dereito do Campus de Ourense da Universidade de Vigo o 14 de outubro do 2025.

## O galego segundo a mocidade 20 anos despois

Este traballo quere presentar unha visión da mocidade pertencente á Xeración Z (nados entre 1994 e 2010) centrada na discrepancia existente entre os usos e as actitudes lingüísticas cara ao galego, e comparar as diferenzas e similitudes existentes coa xeración precedente, a xeración do milenio (nados entre 1981 e 1993). Emprégase nel unha metodoloxía mixta: cuantitativa, experimental e etnográfica.

En 2025, o Seminario centrouse na redacción do volume monográfico que recollerá os resultados do proxecto.

## Plan xeral de Normalización da Lingua Galega, 2025

O Seminario de Sociolingüística integrouse na comisión técnica para a revisión do *Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega* da Secretaría Xeral de Normalización Lingüística da Xunta de Galicia. Esta comisión está dirixida polo académico Manuel González.

Ao longo de 2025, participouse nas reunións semanais da comisión. Ademais realizáronse entrevistas con representantes dalgunhas das principais entidades galegas co obxectivo de coñecer a súa opinión sobre a aplicación e o uso da lingua galega nos seus respectivos ámbitos de actuación.

Finalmente, elaborouse un informe cos primeiros resultados das actividades desenvolvidas en 2025 no marco do proceso de renovación do PXNLG, que foi presentado ante a Secretaría Xeral de Normalización Lingüística.

## ESTANDAREV

### A estandarización lingüística revisitada: mediatización, vernacularización e ideoloxías lingüísticas na España contemporánea.

ESTANDAREV é un proxecto de investigación de ámbito estatal co que colaboran diversas universidades e institucións. A Real Academia Galega participa como EPO (Ente promotor, observador), pero tamén está presente nos equipos investigador e de traballo a través do Seminario de Sociolingüística.

O proxecto dedícase ao estudo comparado dos fundamentos valorativos e ideolóxicos da estandarización lingüística do español, o catalán, o galego e o éuscaro en España dende unha perspectiva teórico-metodolóxica centrada na percepción do falante e na construción discursiva das variedades. Así pois, o foco da investigación son os aspectos abaixo-arriba, non institucionalizados, da estandarización lingüística e, en concreto, as actitudes e ideoloxías lingüísticas que amosan os falantes nativos de distintas variedades das catro linguas. A metodoloxía inclúe tanto a medición de actitudes lingüísticas encubertas mediante *open-guise*, a partir da escoita de faladoiros sociopolíticos da radio e podcasts, como probas directas (entrevistas semidirixidas e grupos focais).

En 2025 o traballo desenvolvido foi o seguinte:

Avanzouse na administración de entrevistas e na organización de grupos de discusión, así como na transcripción das gravacións.

Deseñouse o procedemento para as análises do corpus mediante o software NVivo.



Elaborouse o «Libro de códigos» do proxecto para a análise do material, e tamén unha pequena guía para unificar os procedementos dos equipos dos distintos territorios.

Continuouse coa análise dos datos e o asesoramento metodolóxico ao resto dos equipos territoriais e traballouse na revisión teórica das actitudes lingüísticas.

Canto á difusión do proxecto:

Presentouse no *LIII Simposio da Sociedade Española de Lingüística* un avance dos resultados da parte cuantitativa, baixo o título "Estatus, solidariedade e dinamismo: el desarrollo de la estructura subyacente de los estereotipos lingüísticos en Galicia".

Colaborouse na publicación *Urban contact dialects in the Spanish speaking world* na serie *Contact and Multilingualism* da Language Science Press (2025), co artigo "Old prejudices, new ideologies. The standardization of Galician and the appropriation of Castropo".

Colaborouse na publicación *Estandarización y vernacularización lingüísticas en el siglo XXI: actitudes y percepciones en diferente culturas idiomáticas* (2025), co artigo "Actitudes hacia las variedades del gallego: percepción y valoración del gallego del interior, de la costa, normativo y *castropo*".

## Novas do Seminario de Sociolingüística

### Premio Mil Primavera para o proxecto de investigación *Modo galego, actívao!*

10 de abril de 2025 ⓘ

Modo galego, actívao! foi unha das experiencias premiadas na sexta edición dos Premios Mil Primavera que concede a Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua.



### Participación no congreso da Asociación Galega de Antropoloxía *A antropoloxía galega fronte a emerxencia lingüística*

6 de xuño de 2025 ⓘ

O antropólogo do Seminario Gabino Vázquez-Grandío moderou a mesa titulada *A emerxencia lingüística: que podemos facer dende a antropoloxía?*, na que interviñeron a profesora da USC Gabriela Prego, especialista en etnografía sociolingüística crítica e educación lingüística crítica; e a profesora da UVigo Ana Iglesias, estudosa das actitudes lingüísticas e a política lingüística familiar.



### A RAG e o Concello de Ames recollen o premio Mil Primavera a '*Modo galego, actívao!*'

7 de xuño de 2025 ⓘ

O presidente da Real Academia Galega, Henrique Monteagudo, e o alcalde de Ames, Blas García, recolleron o galardón concedido a *Modo galego, actívao!* no acto de entrega que se celebrou no Pazo da Cultura de Pontevedra.



## Participación no encontro dos 40 anos da Asociación Internacional de Estudos Galegos

1 de xullo de 2025 ⓘ

María López-Sánchez participou no encontro de conmemoración dos 40 anos da Asociación Internacional de Estudos Galegos (AIEG) no marco do foro que se celebrou no Consello da Cultura Galega baixo o lema *O pasado, o presente e o futuro dos estudos galegos no mundo*.



## Participación no Simposio “A educación tamén en galego” da Universidade de Vigo

19 de novembro de 2025 ⓘ

Henrique Monteagudo pronunciou a conferencia de apertura do encontro celebrado na Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte da Universidade de Vigo. Participaron tamén en diversas mesas redondas os técnicos do Seminario de Sociolingüística.



## XVIII Xornada Xustiza e Lingua

3 de decembro de 2025 ⓘ

O presidente da Real Academia Galega participou na XVIII Xornada Xustiza e Lingua, que baixo o lema *Reflexións para a normalización* organizou o Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela.



## Cadernos de Lingua 42, número monográfico sobre sociolingüística

30 de decembro de 2025 ⓘ 📖

O número 42 da revista da RAG *Cadernos de Lingua* dedicouse á divulgación dos resultados de distintos proxectos do Seminario de Sociolingüística.



# Seminario de Terminoloxía

O Seminario de Terminoloxía, creado en 1996, ocúpase da elaboración de terminoloxía sistemática e de traballos de terminoloxía puntual destinados fundamentalmente á resolución de dúbidas de usuarios de linguas de especialidade.

Coordinador: Manuel González González

Secretario: Xesús Ferro Ruibal (ata outubro de 2025)

Xosé M.º Gómez Clemente  
(de outubro de 2025 en diante)

Membros:

Francisco Díaz-Fierros Viqueira

Francisco Fernández Rei

Xesús Ferro Ruibal

Manuel González González

M.º Dolores Sánchez Palomino

Xosé María Gómez Clemente

Reunións do Seminario

20 de xaneiro de 2025

17 de febreiro de 2025

17 de marzo de 2025

21 de abril de 2025

19 de maio de 2025

23 de xuño de 2025

21 de xullo de 2025

22 de setembro de 2025

20 de outubro de 2025

24 de novembro de 2025

15 de decembro de 2025

## Termos validados

Ao longo de 2025, o Seminario de Terminoloxía traballou na validación de arredor de 400 denominacións galegas recomendadas para diversos conceptos das linguas de especialidade e, de maneira especial, dos dominios científicos e técnicos.

Entre os tecnolectos traballados están o do audiovisual (*filme de suspense, documentación*), o da medicina (*xentamicina, xirodactilose*), o do deporte (*kickbóxing, surfar*), da xeoloxía (*alantoide, babingtonita*) ou da medicina (*otolicuorrea, umbílico*).

## TERGAL

TERGAL é un banco de datos terminolóxico plurilingüe que recolle as denominacións galegas recomendadas para diversos conceptos relativos ás linguaxes de especialidade, e que permite que os usuarios poidan resolver mediante a súa consulta moitas das dúbidas terminolóxicas de maneira directa. Neste momento están incorporadas a TERGAL todas as voces aprobadas polo Seminario durante o ano 2025.

## Nomes galegos das aves de Galicia e de España



**Nomes galegos das aves** é unha ferramenta elaborada polo grupo de traballo de ornitonomía que recolle as denominacións unificadas de máis de 600 especies diferentes de aves e permite realizar procuras polo nome galego, o científico ou a familia á que pertence cada ave.

En 2025 traballouse na actualización e mantemento desta base de datos. Ademais, incorporáronse tamén os trilos e chíos dalgúns dos seus rexistros.



The screenshot shows the website interface for 'Nomes galegos das aves de Galicia e de España'. At the top, there are navigation links: 'INICIO', 'BENEFICIARIOS', 'PRESENTACIÓN', 'DENOMINACIÓN DAS AVES', 'METODOLOGÍA', 'BIBLIOGRAFÍA', and 'CREDITOS'. Below these is a search bar with the text 'papuxa de cabeza negra' entered. To the right of the search bar are buttons for 'NOME GALEGO', 'NOME CIENTÍFICO', and 'FAMILIA'. Below the search bar, the results for 'papuxa de cabeza negra' are displayed, including the scientific name 'Carpodacus melanocephalus' and the family 'Sylviidae'. A small image of the bird is shown. On the right side of the page, there is a section titled 'OS MÁIS BUSCADOS' with a sub-section for 'ESTA SEMANA' and 'ESTE MES'. Below that, there is a logo for 'COORDINADA XUNTA DE GALICIA'.

# Sección de Historia

Desde a Sección de Historia, creada en 1998, trabállase e invéstigase sobre distintos aspectos relacionados coa historia da institución e de Galicia.

Director: Ramón Villares Paz

Reunións:

Secretario: Pegerto Saavedra Fernández

13 de xuño de 2025

Membros:

11 de decembro de 2025

Rosario Álvarez Blanco

Lourenzo Fernández Prieto

Manuel Rivas Barrós

Pegerto Saavedra Fernández

Andrés Torres Queiruga

Ramón Villares Paz

Fernando López-Acuña López

Ana Romero Masiá



## A invención da tradición

O ciclo "A invención da tradición", idea que deriva da coñecida obra de T. Ranger e E. Hobsbawm (1983), ten como obxectivo examinar algúns exemplos galegos de conmemoracións, festas, actividades lúdicas etc., que teñen en común a reconstrución de feitos históricos próximos ou remotos, pero resignificados na cultura

contemporánea. Pretendeuse abrir un debate sobre as motivacións destas celebracións, o proceso social e cultural que explican o seu asentamento e a relevancia que teñen para a proxección da historia no espazo público da Galicia actual.



## Arde Lucus e Festa da Istoría

Museo Provincial de Lugo, 4 de xuño.

*Arde Lucus: a vida romana vista nunha festa actual.* José Carlos Sánchez Pardo (USC)

*A Festa da Istoría de Ribadavia.* Anselmo López Carreira (UVigo)

Moderadora: Pegerto Saavedra, da RAG



## A Reconquista e a Romería Vikinga

Casa Galega da Cultura (Vigo), 11 de xuño.

*A festa da Reconquista de Vigo.* Luis Domínguez (UVigo)

*A romería vikinga nas Torres do Oeste (Catoira).* Manuel Gago (USC e CCG)

Moderador: Lourenzo Fernández Prieto





## Momentos da cultura galega: Castelao en Buenos Aires



REAL ACADEMIA GALEGA



### Momentos da cultura galega: Castelao en Buenos Aires



A palabra *momentos* emprégase na historia intelectual para salientar o papel esencial que certas persoas, institucións ou obras exercen en ocasións nun contexto cultural determinado, como sucede co *momento Maquiavelo* na politoloxía británica ou o *momento Sartre* en Francia.

A primeira edición do ciclo Momentos da cultura galega organizado pola Sección de Historia dedicouse ao exilio en Buenos Aires de Castelao, dende onde marcou a política do galeguismo, recompuxo a alianza Galeusca, foi capaz de construír o Consello de Galiza e artellou tamén o concepto da “Galiza ideal”.

A xornada, conducida por Ramón Villares, contou coas seguintes intervencións:

*De Sempre en Galiza a Alba de gloria.*  
Henrique Monteagudo

*As cruces de pedra na Galiza: o cumio do Castelao investigador no exilio.* Ángeles Tilve

*Castelao e a construción da Galiza ideal no exilio (1940-1950).* Xosé Manoel Núñez Seixas

*Castelao en Buenos Aires.* Proxección (FilMOTECA de Galicia)






## Ano Castelao 2025



No 75 aniversario do pasamento de Castelao, a RAG quíxose sumar ás celebracións que lembraron a súa figura e o seu legado. No **sitio web** dedicado a esta conmemoración incorporáronse cada mes contidos destinados a divulgar a obra e a figura de Castelao, apoiados nos fondos conservados na Academia.

En **Castelao na RAG** preséntanse de maneira divulgativa materiais da Academia relacionados co intelectual. Na outra sección, **Pezas destacadas**, membros da RAG e outros especialistas presentaron cada mes unha peza senlleira relacionada coa biografía ou a obra de Castelao.



## Marcial del Adalid




A web que facilita o acceso ao legado de Marcial del Adalid conservado na Academia continuou enriquecéndose de contidos, de maneira que se completou o repositorio da súa obra manuscrita e se incorporaron novos materiais audiovisuais relacionados co autor.

O 30 de xaneiro o Museo de Pontevedra acollía a presentación de *Marcial del Adalid e o seu legado na Real Academia Galega*. Á autora, a musicóloga Laura Touriñán Morandeira, acompañárona o presidente da RAG, Víctor F. Freixanes; a directora do Museo, Ángeles Tilve; e o académico correspondente Fernando López-Acuña, autor do limiar do libro. O público escoltiu ademais pezas de Marcial del Adalid interpretadas polo pianista Alejo Amoedo.

## Novas da Sección de Historia

### Visita do alcalde de Tui á Academia

15 de xaneiro de 2025 

O presidente da Academia, Víctor F. Freixanes, recibiu na sede temporal da institución o alcalde de Tui, Enrique Cabaleiro González, de cara a abordar a conmemoración do centenario do pasamento de Manuel Lago González, escritor, teólogo galeguista e membro da RAG.




### Presentación da biografía de Marcial del Adalid de Laura Touriñán

30 de xaneiro de 2025  

O Museo de Pontevedra acolleu a presentación de *Marcial del Adalid e o seu legado na RAG*. No acto estiveron presentes a súa autora, Laura Touriñán, o presidente da RAG, Víctor F. Freixanes; a directora do Museo, Ángeles Tilve; e o académico correspondente Fernando López-Acuña.



### Centenario de Manuel Lago González

7 de marzo de 2025 

O académico Andrés Torres Queiruga interveu na homenaxe ao relixioso tudense que coorganizaron a Real Academia Galega e o Concello de Tui. O acto abriu o calendario da conmemoración do centenario do pasamento de Lago González. O programa contou tamén coa intervención do presidente da RAG, Víctor F. Freixanes.



# Sección de Literatura

A Sección de Literatura, creada en 1998, encárgase da recuperación de textos literarios galegos, do estudo da nosa literatura e da organización de eventos relacionados con ela.

Directora: Marilar Aleixandre

Secretaria: Ana Romaní

Membros:

Marilar Aleixandre

Xesús Alonso Montero

Anxo Angueira Viturro

Xosé Luís Axeitos Agrelo

Fina Casalderrey

María López-Sández

Chus Pato

Manuel Rivas Barrós

Euloxio Rodríguez Ruibal

Ana Romaní

José Manuel González Herrán

Ramón Nicolás Rodríguez

Celia Pereira Porto

Luciano Rodríguez Gómez

Olivia Rodríguez González

Reunións:

26 de febreiro de 2025

## Grupo de traballo Pensamento e ensaio

Este grupo de traballo constituíuse o 9 de maio de 2024, e confórmano os seguintes membros:

Marilar Aleixandre

Fina Casalderrey

Lourenzo Fernández Prieto

María López-Sández

Chus Pato

Ana Romaní

Celia Pereira Porto

Olivia Rodríguez González

O seu obxectivo é contribuír á elaboración de discursos alternativos, contrahexemónicos, sobre Galicia, que poñan de relevo as potencialidades do país, as posibilidades de construír proxectos de vida superando os que contemplan Galicia unicamente como “zona de sacrificio” para ser explotada polo extrativismo ou caracterizada de modo folclórico.



## **Luis Seoane. Unha ollada interartística desde o exilio e o compromiso**



A Sección de Literatura da RAG acordou dedicarlle o Día da Poesía de 2025 a Luís Seoane (1910-1979), mais dende unha perspectiva ampla, consonte a súa personalidade. O 27 de marzo, a súa produción literaria dialogou con outras moitas formas de creación que el practicou ou inspirou. A homenaxe estivo coordinada pola académica María López-Sández.

### **Intervencións**

#### **Apertura:**

Víctor F. Freixanes  
Xesús Fraga  
Helena González Fernández

#### **Actuación musical:**

Tino Baz

#### **Condutora literaria:**

María López-Sández

#### **Recitan:**

Carlos Negro  
Alba Cid  
Anxo Angueira  
Oriana Méndez  
Baldo Ramos  
María do Cebreiro



# ACHEGAS XURÍDICAS A CUESTIÓNS AMBIENTAIS

Grupo de traballo *Pensamento e ensaio* da Real Academia Galega

Martes, 16 de setembro de 2025, ás 17:00 h

Fundación Luis Seoane

Organiza:



REAL  
ACADEMIA  
GALEGA

Colabora:



Concello da Coruña

## Achegas xurídicas a cuestións ambientais



A Real Academia Galega celebrou o martes 16 de setembro no salón de actos da Fundación Luis Seoane a xornada **Achegas xurídicas a cuestións ambientais**, unha proposta do grupo de traballo Pensamento e Ensaio.

O encontro permitiu abordar, entre outras cuestións, a paisaxe e o patrimonio natural e cultural como categoría xurídica. A xornada desenvolveuse de acordo co seguinte programa:

Coordinación: Marilar Aleixandre e Celia Pereira Porto

*A paisaxe como categoría xurídica e a súa protección.* Consuelo Castro Rey

*A protección ambiental na encrucillada global.* Alba Nogueira López

*A responsabilidade civil por danos causados por hidrocarburos na costa galega.* Luís Villares Naveira

*A economía circular: unha visión crítica do novo paradigma do dereito ambiental europeo.* Beltrán Puentes Cociña

Actuación: Faia Díaz





## Voces da narrativa. Homenaxe a Paco Martín



A terceira edición de **Voces da narrativa** estivo dedicada ao escritor chairego **Paco Martín**. O encontro, celebrado o 15 de outubro no Círculo das Artes de Lugo, conmemorou o corenta aniversario da publicación da novela *Das cousas de Ramón Lamote*. Serviu para renderlle homenaxe ao primeiro Premio Nacional de Literatura en lingua galega, recoñecemento acadado cunha obra que simboliza o emerxer da vizosa literatura infantil e xuvenil en lingua galega. A sesión estivo coordinada por Marilar Aleixandre.

### Programa

Isabel Soto en conversa con Paco Martín

Lois Pérez: *De como o señor Lamote argallou un escritor chamado Paco Martín*

Alejandro Tobar: *Os libros que nos unen*

Actuación musical: Branca Villares





## Novas da Sección de Literatura

### Unha xornada lembra o legado de Manuel Luís Acuña no seu 50 cabodano

12 de setembro de 2025 ⓘ

O Liceo de Ourense acolleu unha homenaxe a Manuel Luís Acuña no seu 50 cabodano. O programa, coordinado polo académico correspondente Ramón Nicolás e organizado polo Liceo co apoio da Sección de Literatura da Real Academia Galega, convocou voces fundamentais no estudo da súa obra: Xesús Alonso Montero, Xoán C. Domínguez Alberte, Carlos L. Bernárdez, o propio Nicolás e a poeta ourensá Yolanda López, que declamou poemas de Acuña e algún propio.



### Homenaxe en Bergondo a Florencio Vaamonde Lores

21 de outubro de 2025 ⓘ

San Xoán de Ouces acolleu unha homenaxe ao académico fundador no centenario do seu pasamento. O presidente da Real Academia Galega, Henrique Monteagudo, participou na celebración, organizada polo Concello de Bergondo e o CPI Cruz do Sar coa colaboración da RAG, a AELG, a Xunta de Galicia e a asociación Roxín Roxal.




### Homenaxe a Xosé Luís Franco Grande

23 de outubro de 2025 ⓘ


A Real Academia Galega, a Editorial Galaxia e a Fundación Penzol renderonlle homenaxe a Xosé Luís Franco Grande. As tres entidades coorganizaron o acto público que acolleu a Casa Galega da Cultura de Vigo), e que incluíu a presentación de *Un intre no tempo. Poesía reunida (1967-2017)*.



## 500 anos de Camões

11 de novembro de 2025 

A Real Academia Galega súmose á conmemoración dos 500 anos do nacemento de Luís de Camões da man da Facultade de Letras da Universidade de Lisboa (FLUL). Henrique Monteagudo interveu no coloquio internacional sobre o escritor que afonda na súa relación con Galicia e a lingua galega. O vínculo estendeuse a través dunha exposición centrada no fondo galego da facultade que privilexia o notable impacto creativo da obra camoniana nos principais autores das letras galegas.



# Servizos



# Arquivo



O Arquivo da Real Academia Galega está constituído pola documentación xerada e recibida pola institución no exercicio das súas funcións e actividades, e conservada para a xestión, a información, a cultura e a investigación.

Arquiveira-bibliotecaria:

Marilar Aleixandre (até abril de 2025)

M.ª Dolores Sánchez Palomino

Persoal adscrito:

Jacobo M. Caridad Martínez

## Funcións xerais

1. Recibir, organizar, clasificar e facer accesible a documentación.
2. Elaborar os instrumentos de descrición e de control adecuados para unha correcta comunicación da documentación e unha óptima accesibilidade a ela.
3. Colaborar na mellora do funcionamento da institución mediante o establecemento de pautas para o desenvolvemento de procedementos administrativos.
4. Facilitar o acceso e a consulta aos académicos e académicas e á cidadanía en xeral, nos termos establecidos no marco legal e normativo.
5. Establecer normativas reguladoras e criterios de ordenación e descrición dos documentos, así como as relativas a outros aspectos de tratamento automatizado da documentación e da información.
6. Formular directrices para a correcta conservación e instalación da documentación, establecendo as condicións idóneas que deben reunir as instalacións necesarias para a súa utilización e seguridade.
7. Desenvolver e participar en actividades de difusión do patrimonio documental da RAG.
8. Así mesmo, todas aquelas funcións que impliquen organización e tratamento da documentación constitutiva do patrimonio documental da RAG.

O Arquivo participa activamente en Galiciana, Arquivo Dixital de Galicia, que está xestionado pola Subdirección Xeral de Arquivos, dentro da Secretaría Xeral de Cultura e forma parte do Arquivo Dixital integrado de Galicia.

## Fondos

Correccións de descritores segundo as indicacións do Arquivo de Galicia.

Actualización e mantemento da base de datos de fotógrafos con obra nos fondos do arquivo.

Actualización da catalogación das series "Actos RAG" e "Día das Letras Galegas" do fondo institucional.

Catalogación da serie correspondencia do fondo Manuel Casás Fernández.

Creación da Colección da unidade de Igualdade das universidades galegas.

Catalogación da serie Autores galegos da colección Xabier Garrote.

Actualización da catalogación da serie Expediente de académicos: Ramón Otero Pedrayo.

Instalación do fondo empresarial *Talleres Escudero*, familia de canteiros con máis de 150 debuxos e deseños de proxectos para diversas vilas galegas e sobre todo da cidade da Coruña.

## Dixitalizacións

Serie correspondencia, fondo Real Academia Galega. Anos 1926 a 1951 [máis de 2500 documentos].

Dixitalización en alta resolución e formato TIFF das UI FS\_21 e AL\_41.

Inclusión de marca de auga e suba a Galiciana de 4702 imaxes

## Consultas

Foron atendidas a través de diferentes canles de comunicación 215 consultas, para a atención das cales se reproduciron 4590 documentos.

Orientouse e dirixiuse os usuarios no proceso de busca na aplicación Digiarch.

## Novos ingresos

Depósito da colección Francisco Pillado González. Máis de 2000 fotografías (vidros, filmes, e positivos).

Materiais diversos do Día das Letras Galegas.

Déposito: ampliación da colección Banda Garrote.

Dúas fotografías para a serie Coleccións de retratos, doadas por Manuel Rico Vereá.

Caderno con poemas en galego de 1914 de Juan Ignacio Blanco Freire.

Documento impreso de Ramón Erotiguer sobre Carré Aldao, dunha obra de J. M. Riguera Montero.

## Difusión

O Arquivo da RAG participou nas seguintes exposicións


*Un Madrid de novela... negra*. Sala de Exposicións da Biblioteca Regional de Madrid, 26 de setembro de 2025 a 11 de xaneiro de 2026.

*Castelao. Mirar por Galicia*. Cidade da Cultura, 25 de xuño de 2025 a 11 de xaneiro de 2026.

*Debuxar con luz. A fotografía en Pontevedra no século XIX*. Museo de Pontevedra, 19 de decembro de 2025 a 5 de abril de 2026.

## Novas do Arquivo


### Depósito do fondo fotográfico de Francisco Pillado González

19 de febreiro de 2025 

A recepción do depósito presentouse na Fundación Luis Seoane, nun acto no que interviron Julia Tarrío Pillado, neta de Francisco Pillado, e o presidente da Academia, Víctor F. Freixanes.




### Os músicos da romaría de San Campio abren a escolma de fotos do Arquivo da RAG arredor do cancioneiros

14 de maio de 2025 

O Arquivo da Real Academia Galega estreou na semana das Letras Galegas unha serie na que escolma e comenta imaxes históricas relacionadas dalgún xeito coa poesía popular oral e as cantadeiras.



### O arquivo da RAG enriquecése coas partituras da Banda Garrote

6 de xuño de 2025 

Co gallo do Día dos Arquivos, a Real Academia puxo o foco na difusión da doazón dixital do arquivo musical da Banda Garrote (ca. 1886-1963) que asinou Xabier Garrote Cobelo, herdeiro do legado.



### Dixitalización da correspondencia da RAG de 1925 a 1951

29 de decembro de 2025 

En 2025 completouse a segunda fase da dixitalización da súa correspondencia histórica. Os traballos abranguen a reprodución de máis de 2500 documentos, con preto de 10000 imaxes, que cobren o período comprendido entre 1925 e 1951.



# Biblioteca e hemeroteca



A Biblioteca da Real Academia Galega está especializada na área das humanidades, especialmente nos campos da historia, etnografía, lingua e literatura de Galicia. A colección iníciase en decembro de 1905 coas doazóns realizadas por membros da institución e por autores que foron remitindo as súas obras. Actualmente recibe fondos mediante compras, doazóns de autores e editoriais e intercambios con diversas institucións galegas.

Arquiveira-bibliotecaria:

Marilar Aleixandre (até abril)

M.<sup>a</sup> Dolores Sánchez Palomino

Persoal adscrito:

Ana M.<sup>a</sup> Menéndez Rodríguez

Fernando Pereira González

## Funcións xerais

1. A formación dunha colección bibliográfica e hemerográfica acorde cos seus obxectivos e destinatarios, a súa conservación nas mellores condicións posibles e o seguimento e avaliación da mesma.
2. O tratamento técnico dos fondos, que inclúe os procesos de rexistro, selado, catalogación, clasificación e instalación dos mesmos.
3. A difusión dos seus recursos e servizos.
4. A atención dos usuarios.
5. A elaboración de normas internas, informes ou memorias relacionadas co funcionamento da Biblioteca e Hemeroteca.

## Catálogo e inventarios

Continuación da revisión e corrección das incidencias do novo programa de catalogación da Biblioteca e Hemeroteca (KOHA).

Elaboración de listaxes coas obras existentes na biblioteca da RAG relacionadas con Ramón Otero Pedrayo e as cantareiras e música popular.

Elaboración dun catálogo de libros e os folletos publicados entre 1800 e 1936 que conteñen textos en galego ou acerca da lingua e da literatura galegas.

Inicio do tratamento técnico do fondo procedente da biblioteca particular de Álvaro Cebreiro, formado por 340 volumes, coa finalidade de editar un catálogo das súas obras.

## Ingresos

Recepción dos fondos recibidos na Biblioteca e Hemeroteca da RAG ao longo do ano 2025, procedentes de compras, trocos, subscricións e doazóns. En total, ingresaron 681 novos títulos.

Selección e adquisición de novidades bibliográficas de temática galega de interese para a Biblioteca da RAG, especialmente os referidos a Castelao e ás cantareiras.

Troco de publicacións con diversas entidades, coas que a Real Academia Galega ten este tipo de acordo.

## Difusión

Realización de contidos para a web institucional dedicada a Marcial del Adalid: inclusión do catálogo das obras da Biblioteca da RAG compostas por Adalid que non proveñen do seu fondo persoal.

Realización de contidos para a páxina web Ano Castelao destinadas á sección “Castelao na RAG” e “Pezas destacadas”.

## Exposicións e Mostras bibliográficas:

A Biblioteca e Hemeroteca da RAG participaron nas seguintes exposicións e mostras bibliográficas:

*Lorca e Galicia: 90 aniversario da primeira edición de Seis poemas galegos.* Colexio de Fonseca da Universidade de Santiago de Compostela, do 22 de outubro ao 28 de novembro de 2025.

*Arquitecturas que falan do seu tempo.* Museo de Belas Artes da Coruña, 6 de novembro de 2024 a 27 de abril de 2025.


## Novas da Biblioteca e da Hemeroteca

### 'Almas vivas', o libro sobre os libros de Antón Vilar Ponte na Academia

12 de febreiro de 2025 

En 2001 a Real Academia Galega recibiu a doazón de preto de 200 títulos pertencentes a Antón Vilar Ponte. Neste conxunto afonda o volume *Almas vivas, os libros de Antón Vilar Ponte na Real Academia Galega*. Ana M.<sup>ª</sup> Menéndez Rodríguez é a responsable da catalogación da biblioteca de Vilar Ponte e Emilio Xosé Ínsua asina o estudo preliminar, no que percorre a rede de relacións persoais, profesionais e ideolóxicas do principal impulsor das Irmandades da Fala.

### Os cancioneros históricos: tres séculos de poesía cantada no papel

22 de abril de 2025 

Co gallo do Día do Libro, a Biblioteca da Real Academia Galega lembrou algunhas das principais obras e autores que dende o século XVIII comezaron os labores de recolla do cancionero popular galego. Estes traballos, iniciados polo padre Sarmiento, marcaron o espertar cara á valoración desta magna creación cultural do pobo galego, á que a RAG lle dedica o Día das Letras Galegas 2025 canda as cantareiras, principais creadoras e transmisoras deste legado.



# Colección de arte e obxectos históricos

O obxectivo da Colección de Arte e Obxectos Históricos da Academia é o de investigar, conservar e dar a coñecer as obras de arte, pezas arqueolóxicas e obxectos representativos da cultura galega que foron chegando á RAG desde os inicios da institución, fundamentalmente mediante as achegas dos propios académicos, dos autores e artistas, mais tamén pola contribución de institucións e persoas a título privado tanto da terra coma da diáspora.

Persoal adscrito:

Lois Bande Barreiro

## **Funcións xerais**

1. Catalogación do patrimonio histórico-artístico da Real Academia Galega, formado por cadros, debuxos, medallas, mobiliario, estatuas, esculturas, figuras decorativas, obxectos persoais, carteis etc.
2. Compactación e almacenaxe da colección, mantemento e limpeza da mesma e xestión de traballos de restauración das pezas danadas.
3. Labores de documentación, xestión de pezas e montaxe das exposicións organizadas pola Real Academia Galega.
4. Xestión e control na entrega e devolución das obras pertencentes á colección da Real Academia Galega en préstamo temporal a outras institucións.
5. Reprodución fotográfica e dixitalización dos fondos da Colección, Biblioteca e Arquivo da Real Academia Galega.
6. Atención de usuarios a través de correo electrónico, teléfono e consultas presenciais, facilitando a reprodución de fondos segundo a normativa e dando solución aos pedimentos de reprodución e consulta.
7. Traballo de documentación e elaboración de textos para o futuro Museo virtual da Academia.

## Documentación

Investigación sobre a figura de Manuel Novoa Costoya

Investigación sobre o bastón de mando de Ramón Pérez Costales, peza que posteriormente foi herdada por líderes do republicanismo coruñés como Jose Martínez Fontenla e máis tarde a Gerardo Abad Conde. O fillo deste último, Gerardo Abad-Conde Sevilla, doouno á RAG en 1970.

Investigación sobre un retrato infantil do pintor José Seijo Rubio.

Atención da petición de Cesar Caramés para a gravación dun vídeo sobre a bandeira do Consello do Consello de Galiza, que será empregada nun documental.

Investigación, por encargo da Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes da Universidade de Alacante, sobre os descendentes de Eva Lloréns.

## Exposicións

**Francisco Asorey, unha recuperación necesaria.** Cidade da Cultura, 28 de outubro de 2025 a 5 de abril de 2026. Préstamo do busto de Curros Enríquez e da máscara funeraria de Antón Vilar Ponte.

**A barca de Caronte. A travesía vital de Isaac Díaz Pardo.** Museo de Belas Artes da Coruña, 19 de xuño a 14 de decembro de 2025. Préstamo do retrato de Ramón Cabanillas.



## Difusión

Redacción de textos para o proxecto Ano Castelao:

Sección "Castelao ilustrador"

"O dobre exilio: Castelao no cinema". Fotogalería

"Os vellos non deben de namorarse: a plasticidade na obra de Castelao". Fotogalería



# Casa-Museo Emilia Pardo Bazán



A Casa-Museo Emilia Pardo Bazán está situada no número 11 da rúa Tabernas da Coruña, na que foi a residencia familiar da escritora dende a infancia e escenario fundamental da súa vida persoal e literaria.

Director:

Víctor F. Freixanes (até abril de 2025)  
Henrique Monteagudo

Persoal adscrito:

Xulia Santiso Rolán

Académica responsable:

Marilar Aleixandre (até abril de 2025)  
María López-Sández

## Traballos desenvolvidos

Investigación para a autenticación dunha acuarela coa sinatura de Emilia Pardo Bazán.

Petición de reprodución dun retrato de Emilia Pardo Bazán pintado pola súa nai Amalia de la Rúa Figueroa, para exhibirse nunha conferencia no Museo del Prado no marco do ciclo **Las intelectuales españolas y el Museo del Prado. El siglo XIX**. Ana Rossetti impartiu a conferencia “Contemplaciones. La pintura frente a doña Emilia Pardo Bazán”.

Solicitud de asesoramento por parte de Turismo de Galicia para a pescuda e elección de textos de Emilia Pardo Bazán de cara a unha experiencia artística no Hampton Court Palace Garden Festival, en Inglaterra. Na edición de 2025, celebrada do 1 ao 7 de xullo, creouse un xardín efémero de temática galega dedicado a Rosalía de Castro, Emilia Pardo Bazán e Concepción Areal.

Consulta de Miriam Beltrán Valente con relación ao tapiz *Speculum Humanae Vitae* que se conserva no Museo de Belas Artes da Coruña e que pertenceu a Emilia Pardo Bazán.

# Publicacións



A Comisión de Publicacións constituíuse o 25 de xaneiro de 2018, despois de ser aprobada no plenario do 15 de decembro de 2017.

Presidente:

Víctor F. Freixanes (até abril de 2025)  
Henrique Monteagudo

Secretario:

Henrique Monteagudo (até abril de 2025)  
Ana Boullón

Membros:

Manuel González González  
Chus Pato  
Pegerto Saavedra Fernández  
Francisco Díaz-Fierros Viqueira

Persoal adscrito:

Nélida Cosme

## Publicacións periódicas




*Cadernos de Lingua 42*

<https://doi.org/10.32766/cdl.42>



*Boletín da Real Academia Galega 385*

<https://doi.org/10.32766/brag.385>



*La Tribuna. Cadernos de estudos da Casa-Museo Emilia Pardo Bazán 19*

<https://doi.org/10.32766/tribuna.19>

## Monografías



### *As Ferreñas (en vivo e en directo)*

Paula Carballeira  
Nuria Díaz (ilustracións)

Edición dixital

<https://doi.org/10.32766/rag.448>



### *Luis Seoane. Unha ollada interartística desde o exilio e o compromiso*

María López-Sánchez (ed.)

<https://doi.org/10.32766/rag.447>



### *Por que non hei de cantar?*

Manuel Rico Vereá

<https://doi.org/10.32766/rag.450>



### *Memoria anual de actividades 2024*

Edición dixital

<https://doi.org/10.32766/rag.449>



### *Da fala ao prelo (1800-1936). Textos en galego e sobre lingua e literatura galegas na Biblioteca da Real Academia Galega*

Fernando Pereira González e  
Xurxo Martínez González


<https://doi.org/10.32766/rag.455>



### *VIII concurso de micro- relatos. Relatos gaña- dores*

Edición dixital

<https://doi.org/10.32766/rag.452>



### *Toponimia de Padrón e Pontecesures*

Fernando Cabeza Quiles

<https://doi.org/10.32766/rag.451>



### *Toponimia de Zas*

Xosé María Lema Suárez

<https://doi.org/10.32766/rag.453>



*As rimas populares de Galicia de Manuel Murguía: Edición e estudo dos materiais conservados*

Diego Rodríguez González

<https://doi.org/10.32766/rag.454>



*Estudos de Onomástica Galega X. Os nomes do mar*

Ana Boullón e Luz Méndez (eds.)

<https://doi.org/10.32766/rag.456>



*Toponimia de Carnota*


Alfonso Blanco Quintela

<https://doi.org/10.32766/rag.457>

# Tribunas

## **Cantar para gañar galegofalantes**

Antón Santamarina

2 de xaneiro de 2025 


## **Ano Castelao**

Víctor F. Freixanes

7 de xaneiro de 2025 

## **Oitocentos anos do 'Cántico do irmán Sol'**

Francisco Díaz-Fierros Viqueira

27 de febreiro de 2025 

## **O cancionero tradicional de Engracia Otero**

Xoán Babarro

22 de abril de 2025 

## **Vaia por todas elas!**

Fina Casalderrey

5 de maio de 2025 

## **A primeira representación gráfica dunhas cantareiras?**

Francisco Díaz-Fierros Viqueira

14 de maio de 2025 

## **Unha alba de gloria para o noso idioma**

Henrique Monteagudo

25 de xullo de 2025 


## **Día Europeo das Linguas**

María López-Sández

23 de setembro de 2025 

## **Alento poético e fondura dramática no teatro de Ramón Cabanillas**

Francisco Fernández Rei

18 de novembro de 2025 

# Medios



# A Academia nos medios


## Homenaxe a Castelao no seu 75 cabodano

7 de xaneiro de 2025 

O presidente da Real Academia Galega, Víctor F. Freixanes, participou na ofrenda floral celebrada no Panteón de Galegas e Galegos Ilustres na memoria de Castelao no 75 aniversario do seu falecemento. A ofrenda floral marcou o inicio do calendario de actividades que se organizaron ao longo do ano para divulgar a figura, a obra e o pensamento de Castelao.



## Homenaxe a Manuel González Fresco en Pontareas

10 de xaneiro de 2025 

O presidente da Real Academia Galega Víctor F. Freixanes visitou Pontareas para participar nunha homenaxe a Manuel González Fresco, convidado pola asociación Xe Patrimonial. Previamente recibírono na casa consistorial a alcaldesa de Pontareas, Nava Castro, e membros da corporación municipal.



## Visita ás obras de rehabilitación da sede da RAG

5 de febreiro de 2025 

A ministra de Vivenda e Axenda Urbana, Isabel Rodríguez García, visitou as obras de rehabilitación da sede da institución acompañada polo presidente Víctor F. Freixanes. Percorreron o edificio histórico da rúa Tabernas guiados polo arquitecto Gonzalo Moure, autor do proxecto gañador.



## Convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Academia

19 de febreiro de 2025 ⓘ

A Real Academia Galega e a Deputación da Coruña renovaron o convenio de colaboración que manteñen ambas as institucións. O presidente da RAG, Víctor F. Freixanes, e o presidente da entidade provincial, Valentín Formoso, asinaron o acordo nun acto no que tamén participou a deputada de Cultura, Natividad González.



## Celebración do Día de Rosalía

24 de febreiro de 2025 ⓘ

O presidente Víctor F. Freixanes participou no acto institucional organizado pola Fundación Rosalía Casa de Rosalía no Panteón de Galegas e Galegos Ilustres. A secretaria da Academia, Margarita Ledo Andión, representou a institución na celebración da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega, que tivo lugar tamén en San Domingos de Bonaval, na véspera do Día da Rosalía.




## Premio Rosa dos Ventos en Buenos Aires

30 de abril de 2025 ⓘ

O presidente da Real Academia Galega recolleu o Premio Rosa dos Ventos do Instituto Arxentino Galego Santiago Apóstolo nun acto no que impartiu ademais unha conferencia sobre Castelao dirixida ao alumnado de secundaria. A celebración é parte da programación paralela da delegación galega na Feira do Libro de Buenos Aires, que ten como un dos eixes a figura de Castelao, da que o profesor Monteagudo é especialista.




## O *Alba de Gloria* de Castelao viaxa desde Muras ata a biblioteca da UNESCO para reivindicar apoio ao galego na escola

20 de maio de 2025 

O presidente da Real Academia Galega, Henrique Monteagudo, participou en Muras na preparación do envío á UNESCO dun exemplar numerado da primeira edición do discurso *Alba de Gloria* de Castelao. O acto, convocado polo Legado Activo Beiras Cal na véspera do Día Mundial da Diversidade Cultural para o Diálogo e o Desenvolvemento, contou co alumnado do colexio que leva o nome de Antía Cal, pioneira do ensino en galego.




## Presentación da edición en liña da Biblia en galego

4 de xuño de 2025 

O presidente da Real Academia Galega participou na presentación de *abiblia.gal*, celebrada no Instituto Teolóxico Compostelán, canda Silvestre Gómez Xurxo, presidente de SEPT e responsable do proxecto; o arcebispo de Santiago, monseñor Francisco José Prieto Fernández; o secretario xeral da Lingua, Valentín García; a presidenta do Consello da Cultura Galega, Rosario Álvarez; e Lois Subiela, representante do equipo técnico que desenvolveu o sitio web.




## Visita oficial ao presidente da Xunta de Galicia

9 de xuño de 2025 

Alfonso Rueda recibiu na sede do Goberno autonómico a comisión executiva da RAG. Na entrevista tamén participou o conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, José López Campos. A situación do galego e as perspectivas políticas dun pacto pola lingua foron os temas centrais da xuntanza.



## Visita da delegación estoniana para a defensa do vöro

10 de xuño de 2025 

O presidente da RAG, Henrique Monteagudo, e a tesoureira, María López-Sández, entrevistáronse cos membros do Consello de Maiores do Vöro Congress. Sulev Iva, profesor de linguas do sur de Estonia na Universidade de Tartu, a poeta Ülle Kasuki, a xornalista Inga Raitar e Hipp Saar, autora dun podcast en vöro; e mais o asesor desta entidade e director do URALIC Centre for Indigenous People, Oliver Loode, acudiron ao encontro acompañados pola secretaria xeral da Mesa pola Normalización Lingüística Celia Armas.




## Entrevista coa portavoz do Grupo Parlamentario do BNG

12 de xuño de 2025 

A comisión executiva da Real Academia Galega mantivo unha entrevista de presentación coa portavoz do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, na que lle expuxeron a Ana Pontón os principais proxectos da institución e tamén se profundou nas perspectivas de cara á consecución dun pacto pola lingua.




## Reunión co voceiro do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, José Ramón López Besteiro

12 de xuño de 2025 

Os membros da comisión executiva encontráronse co voceiro do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia no Hórreo nunha xuntanza na que tamén participou a portavoz de lingua do Grupo parlamentario do PSdeG, Silvia Longueira. A executiva da Academia analizou as perspectivas do pacto pola lingua a nivel autonómico e as posibles medidas para impulsar a visibilidade e o uso do galego nas institucións estatais e europeas.




## A Real Academia Galega dedicaralle o Día das Letras Galegas 2026 a Begoña Caamaño

20 de xuño de 2025 

Así o decidiu a institución no pleno ordinario celebrado no pazo municipal de María Pita, nunha sesión na que tamén se valoraron as candidaturas de Antón Tovar, Miguel González Garcés e Enrique Labarta Pose.




## Visita do presidente da Mesa pola Normalización Lingüística

23 de xuño de 2025 

Henrique Monteagudo recibiu o presidente da Mesa pola Normalización Lingüística, Marcos Madeira. Na reunión tamén participaron a secretaria da Real Academia Galega, Ana Boullón, e a secretaria xeral da Mesa, Celia Armas. A situación do galego e o actual contexto de negociación dun pacto pola lingua foron a cerna da xuntanza.




## Recepción do alcalde de Zas

23 de xuño de 2025 

O presidente da Real Academia Galega e a secretaria da institución recibiron a Manuel Muíño, alcalde de Zas. A figura do escritor e xornalista Enrique Labarta Pose e a posible colaboración na organización dalgunha actividade de estudo e divulgación das súas figura e obra centrou o encontro.




## Homenaxe a Ramón Pérez Costales

26 de xuño de 2025 

O presidente da Real Academia Galega participou na homenaxe a Ramón Pérez Costales celebrada no pazo municipal de María Pita. A través da figura do médico, político e escritor, académico de honra da RAG, Henrique Monteagudo reivindicou a ciencia e o coñecemento científico e os seus efectos na mellora da vida das persoas, así como a medicina como servizo público.




## Visita oficial das deputadas de Cultura e Lingua da Deputación da Coruña

9 de xullo de 2025 

Henrique Monteagudo recibiu as deputadas de Cultura e Normalización Lingüística da Deputación da Coruña, Natividad González e Soledad Agra. No encontro repasaron as colaboracións que ambas as entidades manteñen en materia de promoción do idioma e da cultura galegas.




## Recepción do alcalde de Lousame

9 de xullo de 2025 

O presidente da Real Academia Galega recibiu a alcaldesa de Lousame, acompañada dos voceiros dos grupos socialista e nacionalista deste concello. Teresa Villaverde, Juan José Prego e Anxo Moledo presentáronlle a Henrique Monteagudo o traballo realizado para a divulgación da figura e a obra de Diego Antonio Cernadas y Castro (1702-1777), coñecido como o cura de Fruíme.



## A executiva da Academia reúne-se coa alcaldesa da Coruña

9 de setembro de 2025 

O presidente da Academia e o seu equipo expuxéronlle a Inés Rey os principais proxectos nos que a institución traballará neste novo período. Ambas as partes abordaron, entre outros asuntos, a previsión de regreso da RAG á súa sede unha vez conclúan as obras de rehabilitación integral do histórico inmovible da rúa Tabernas da Coruña.



## O alumnado do Instituto Arxentino Galego Santiago Apóstolo visita a sede temporal da RAG

19 de setembro de 2025 

A Academia recibiu a visita do alumnado do Instituto Arxentino Galego Santiago Apóstolo, acompañados polas profesoras Valeria Trotta e Araceli Fernández. A académica e arquivista-bibliotecaria M.ª Dolores Sánchez Palomino deulle a benvida e o persoal responsable da biblioteca, o arquivo e a colección da Academia amosoulles libros, documentos e outras pezas destacadas do legado que custodia.



## Visita no Día Europeo das Linguas ás obras da RAG

26 de setembro de 2025 

As académicas María López-Sández e M.ª Dolores Sánchez Palomino, membros da comisión executiva da Real Academia Galega, acompañaron o secretario de Estado de Política Territorial, Arcadi España García, nunha visita ás obras da sede da institución, que está a ser rehabilitada con fondos do Goberno de España.



## Celebración do Día Europeo das Linguas no Congreso dos Deputados

26 de setembro de 2025 

O presidente da Real Academia Galega Henrique Monteagudo asistiu ao acto celebrado no Congreso dos Deputados, no que María Rúa Rodríguez, Prado Rúa, creadora de contido audiovisual en galego, participou nunha mesa redonda centrada nos idiomas cooficiais nestes espazos.



## Entrevista coa alcaldesa de Santiago de Compostela

16 de outubro de 2025 ⓘ

O presidente da Real Academia Galega, Henrique Monteagudo, entrevistouse coa alcaldesa de Santiago de Compostela, Goretti Sanmartín, e a concelleira de Capital Cultural, Míriam Louzao. No encontro tamén participaron a secretaria da RAG, Ana Boullón Agrelo; a tesoureira, María López-Sández; e a arquivista-bibliotecaria, M.ª Dolores Sánchez Palomino.



## Convenio de colaboración para a tradución de textos legislativos ao galego

17 de outubro de 2025 ⓘ

O presidente da Real Academia Galega, Henrique Monteagudo, e a presidenta do Congreso dos Deputados, Francina Armengol, asinaron un convenio de colaboración entre ambas as institucións centrado na formación, o coñecemento e a difusión da lingua galega, especialmente no ámbito da linguaxe xurídica.



## Visita oficial ao Concello de Vigo

22 de outubro de 2025 ⓘ

Henrique Monteagudo, acompañado da tesoureira María López-Sández, abordou con Abel Caballero a posibilidade de establecer colaboracións futuras entre ambas as institucións orientadas á promoción do galego na infancia e na mocidade. Na reunión tamén participou por parte do goberno local o concelleiro de Cultura, Gorka Gómez Díaz.




## Constitución do Consello das Linguas Oficiais

4 de novembro de 2025 ⓘ

O presidente da Real Academia Galega participou en Donostia na reunión constitutiva do Consello das Linguas Oficiais, e asistiu a unha xornada sobre o proxecto ILENIA para o impulso das linguas cooficiais na intelixencia artificial.



## Entrevista co delegado do Goberno

24 de novembro de 2025 

Os membros da executiva da Academia mantiveron unha entrevista de presentación co delegado do Goberno en Galicia, Pedro Blanco. Henrique Monteagudo abordou a marcha das obras da rehabilitación integral da sede da RAG e mais a actualización do financiamento da Academia.



## 2026 Ano Oteriano

18 de decembro de 2025 

A Real Academia Galega celebrou a declaración do Parlamento de Galicia de 2026 como Ano Oteriano. A institución conmemorará os cincuenta anos do pasamento de Ramón Otero Pedrayo (1888-1976) divulgando a súa obra e figura e promovendo novas olladas arredor do legado de quen foi membro da RAG desde 1929.



# OITAVO CONCURSO DE MICRORRELATOS

Do 1 ao 28 de febreiro de 2025


Organizan:



REAL  
ACADEMIA  
GALEGA

Colabora:

**Luzes**



## 8º Concurso de Microrrelatos

A oitava edición do concurso de microrrelatos da Real Academia Galega e Punto.Gal botou a andar o 23 de xaneiro de 2025. A convocatoria dirixese ao fomento da expresión creativa e a presenza da lingua galega no ámbito dixital, e en 2025 conseguiu a participación de case un milleiro de persoas de todas as idades.

### Xurados

Os relatos presentados na modalidade de persoas adultas foron valorados polo académico de número da RAG, Víctor F. Freixanes; o presidente de PuntoGal e tamén académico, Manuel González; a académica correspondente Débora Campos; a xornalista Yolanda Virseda; e o director xeral de PuntoGal, o xornalista Darío Janeiro.

O xurado das modalidades infantil e xuvenil integrárono os académicos correspondentes Xosé María Lema e Ana Romero Masiá; a presidenta do Padroado do Museo do Pobo Galego, Concha Losada, e a filóloga Cristina Ríos en representación de PuntoGal; e mais o editor e xornalista César Lorenzo.

### Relatos gañadores

Santiago Argüeso Galván (Lugo, 1997) fíxose co primeiro premio na categoría de adultos coa historia titulada "O cadro". O segundo premio foi para Damián Fernández Rodríguez (1986) por "Lagamei Lalo", e Rebeca Lema Martínez (1986) mereceu o terceiro premio co texto "Tan duro". Ademais escolléronse dous textos finalistas: "Seur" de Marisa Vidal Collazo (Corme, 1966) e "F+G=0" de Sara Jul Rivas (San Cibrao, 1972).

Na modalidade xuvenil, destinada a autoras e autores de entre 12 e 17, os dous primeiros premios foron para alumnas do IES Poeta Díaz Castro de Guitiriz: Yanira Ansedo Iglesias (2008) acadou a máxima distinción co relato titulado "No tempo esquecido", o segundo premio foi para Mencia

Rodríguez Lorenzo (2009) por “A chave”, e o terceiro foi para o texto “A noite que nunca olvidarán” da coruñesa María Conde Alba (2008). Como finalistas resultaron os relatos “Esculcando na memoria”, de Anxo Rey López, e “Éxtase”, de Itxaso Illarramendi González.

Na categoría infantil, ata 11 anos, a coruñesa Ana López Canosa foi recoñecida

co primeiro premio infantil por “A negra da noite”. Laura Álvarez Barrio acadou o segundo con “O libro do tempo esquecido”, e Irene Suárez Rodríguez logrou o terceiro premio co texto “O murmuro da montaña”. Resultaron finalistas o relatos “Desexos voadores” de Airela Ónega Ferreiro e “Indisciplina planetaria” de Xoel Villar Castro.

## Entrega de premios

O 18 de xullo, nun acto celebrado na Fundación Luís Seoane, entregáronse os premios ás nove persoas gañadoras e seis finalistas. A tesoureira da RAG, María López-Sández, e o presidente do PuntoGal, o tamén académico Manuel González, presidiron a entrega dos diplomas e galardóns, na que participaron tamén os académicos correspondentes Xosé María Lema e Ana Romero Masiá, a técnica de PuntoGal Cristina Ríos, o director xeral de PuntoGal, Darío Janeiro, e Ana Cermeño por parte da revista *Luzes*.







**REAL ACADEMIA GALEGA**